

# DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO



INFORME DE SUSTENTABILIDADE  
AMBIENTAL ISA

# Índice

<b>1. RESUMO NON TÉCNICO.....</b>	<b>6</b>
<b>2. ACERCA DA AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA.....</b>	<b>10</b>
2.1. Introducción .....	10
2.2. Metodoloxía para a Avaliación ambiental estratéxica das DOT de Galicia.....	11
<b>3. DETERMINACIÓN DO ÁMBITO DE INFLUENCIA.....</b>	<b>12</b>
3.1. Territorio .....	12
3.2. Poboación .....	12
3.3. Economía .....	13
3.4. Principais datos de Galicia .....	14
<b>4. ANÁLISE OBXECTIVA DO CONTORNO.....</b>	<b>16</b>
4.1. Ocupación do territorio.....	16
4.2. Elementos estratéxicos do territorio.....	17
4.2.1 Paisaxe e patrimonio natural e cultural .....	17
4.2.2 Socioeconomía .....	18
4.3. Variables relativas á sustentabilidade ambiental .....	20
4.3.1 Atmosfera .....	20
4.3.2 Ciclo hídrico .....	21
4.3.3 Enerxía.....	21
4.3.4 Xestión de residuos.....	22
4.3.5 Cambio climático.....	22
4.3.6 Mobilidade.....	22
4.4. Plans, programas e estratexias relacionadas coas DOT .....	23
<b>5. DEFINIÇÃO DE OBXECTIVOS .....</b>	<b>26</b>
5.1. Obxectivos normativos.....	26
5.2. Obxectivos xerais.....	26
5.3. Obxectivos específicos .....	27
5.3.1 Elementos estratéxicos.....	28
5.3.2 Variables de sustentabilidade ambiental.....	29
<b>6. ANÁLISE DAS ALTERNATIVAS .....</b>	<b>30</b>
6.1. Marco de comparación de alternativas .....	30
6.2. Valoración de alternativas.....	31
6.2.1 Alternativa 0. Evolución previsible en ausencia de planeamento .....	32
6.2.2 Alternativa 1. Ordenación de detalle .....	33
6.2.3 Alternativa 2. Ordenación de modelo territorial .....	34
6.2.4 Alternativa 3. Ordenación dinámica .....	35
6.3. Xustificación da alternativa seleccionada .....	36
6.4. Cadros resumo da valoración da eficacia e eficiencia de cada unha das alternativas na consecución dos obxectivos das DOT de Galicia.....	37

<b>7. IDENTIFICACIÓN E CARACTERIZACIÓN DE EFECTOS .....</b>	<b>38</b>
7.1. Ocupación do territorio.....	38
7.2. Paisaxe, patrimonio natural e cultural .....	39
7.3. Socioeconomía .....	40
7.4. Atmosfera .....	42
7.5. Ciclo hídrico .....	42
7.6. Enerxía.....	43
7.7. Xestión de residuos.....	43
7.8. Cambio climático.....	44
7.9. Mobilidade.....	44
7.10. Cadro resumo .....	45
7.11. Táboas de identificación dos efectos das determinacións sobre os aspectos clave* .....	46
<b>8. MEDIDAS PREVENTIVAS. CONTROL DO FUNCIONAMENTO DA PLANIFICACIÓN EN FERVENZA .....</b>	<b>82</b>
8.1. Planificación en fervenza .....	82
8.2. Análise da compatibilidade estratéxica .....	83
8.2.1 Consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade .....	84
8.2.2 Proceso de decisión .....	85
8.2.3 Relación cos elementos territoriais estratéxicos de Galicia .....	85
<b>9. SEGUIMIENTO .....</b>	<b>86</b>
9.1. Indicadores de desenvolvemento e implantación .....	86
9.2. Indicadores de sustentabilidade territorial.....	86
9.2.1 Ocupación do territorio.....	87
9.2.2 Paisaxe .....	87
9.2.3 Patrimonio natural .....	87
9.2.4 Patrimonio cultural .....	87
9.2.5 Socioeconomía .....	87
9.2.6 Atmosfera .....	89
9.2.7 Ciclo hídrico .....	89
9.2.8 Enerxía.....	89
9.2.9 Xestión de residuos.....	90
9.2.10 Cambio climático.....	90
9.2.11 Mobilidade .....	90
9.3. Enquisa de percepción territorial e urbanística .....	91
9.4. Órganos para o seguimento.....	91
<b>10. VIABILIDADE ECONÓMICA .....</b>	<b>92</b>
10.1. Xustificación da viabilidade económica.....	92
<b>11. ANÁLISE DA COHERENCIA .....</b>	<b>93</b>

# Resumo non técnico

O presente documento contén o Informe de sustentabilidade ambiental das Directrices de ordenación do territorio de Galicia.

Unha vez analizado o contido das DOT, realízase, tal como establece a *Lei 9/2006 sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio*, a diagnose do contexto ambiental correspondente ao ámbito territorial das DOT. Este documento recolle os resultados de todo o proceso de identificación, descrición e avaliación dos probables efectos significativos sobre o medio que se poidan derivar da aplicación das DOT.

A Avaliación ambiental estratéxica (AAE) ten como finalidade conseguir un elevado nivel de protección do medio e contribuír á integración dos aspectos ambientais na preparación e adopción das DOT, contribuíndo así a promover un desenvolvemento sustentable.

Deste modo, en cumprimento da citada *Lei 9/2006*, a amplitude, o nivel de detalle e o grao de especificación do presente ISA defínense tendo en conta o alcance e contido das propias DOT, así como o Documento de Referencia elaborado pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental tras identificar e consultar as administracións públicas afectadas e o público interesado.

Seguindo o esquema desenvolvido no ISA, preséntase a continuación un breve resumo de cada unha das partes desenvolvidas en profundidade no citado documento.

## Acerca da Avaliación ambiental estratéxica

Descríbese o proceso de Avaliación ambiental estratéxica, o cal débese efectuar en paralelo á propia elaboración do plan, de forma interactiva ao longo de todo o seu proceso de desenvolvemento e toma de decisión.

A continuación preséntase a metodoloxía que se levará a cabo para realizar a AAE das DOT, así como os distintos procesos administrativos que as acompañarán ata a súa aprobación e posta en marcha.

## Determinación do ámbito de influencia

Ao longo da segunda epígrafe considérase a área de estudo, co fin de determinar o ámbito de influencia da ordenación en función dos seus efectos previsibles. Para iso descríbense os aspectos máis relevantes relativos:

- ao territorio: descrición xeral da situación e principais aspectos característicos da Comunidade de Galicia,
- á poboación: breve resumo das características demográficas de Galicia, e
- á economía: recensión da situación económica da Comunidade e da distribución da poboación nos distintos sectores.



0.1. Paisaxe litoral

### Análise obxectiva do contorno

Nesta epígrafe realízase unha descrición dos problemas e condicionantes ambientais, económicos e sociais da situación previa ao novo ordenamento e que poden influír na súa intención. Os aspectos estudados son:

- Os elementos estratéxicos de Galicia: a paisaxe, o patrimonio natural e cultural, a produción de alimentos, o aproveitamento forestal, o solo empresarial, o turismo, os equipamentos e os servizos básicos.
- As variables relativas á sustentabilidade: a atmosfera, o ciclo hídrico, o abastecemento, a enerxía, a xestión de residuos, o cambio climático e a mobilidade (estradas, ferrocarril, aeroportos e portos).
- Plans, programas e estratexias relacionadas coas DOT, tanto nacionais como autonómicos. Análizase aquí o grao de complementariedade das DOT con outros plans e programas que inciden directa ou indirectamente no aspecto medioambiental.

### Definición de obxectivos

A cuarta epígrafe resume os principais obxectivos das DOT, e divídeos nos seguintes grupos :

- Os obxectivos normativos, os cales tratan de establecer as pautas espaciais de asentamento das actividades, de acordo coas políticas sociais, económicas, e culturais.
- Os obxectivos xerais, mediante os cales as DOT pretenden configurar un instrumento co que orientar os procesos de planificación e guiar aquelas intervencións que teñan incidencia no territorio.
- Os obxectivos específicos para os elementos estratéxicos identificados na diagnose inicial do territorio, os cales se establecen paralelamente aos xerais e permiten incorporar dende os primeiros momentos da planificación as consideracións relativas ás variables de sustentabilidade.

### Análise das alternativas

Para acadar ditos obxectivos poden existir múltiples opcións que se poden plasmar en diferentes alternativas. Definíronse as alternativas máis viables establecendo previamente un marco común, adaptado á escala das DOT, e que posibilitara a súa valoración e comparación. As estudadas foron as seguintes:

- Alternativa 0. Evolución previsible en ausencia de planeamento.
- Alternativa 1. Ordenación de detalle.
- Alternativa 2. Ordenación de modelo territorial.
- Alternativa 3. Ordenación dinámica.

Tivéronse en conta a eficiencia e a efectividade de cada unha das alternativas, valorando no primeiro caso a integración dos criterios de sustentabilidade establecidos no documento de referencia, e no segundo caso a combinación de catro aspectos importantes para a consecución dos obxectivos xerais das DOT: o nivel de detalle, a adaptabilidade, a coherencia transversal e a coherencia en ferverza.



A alternativa seleccionada foi a terceira, a Ordenación dinámica, a cal xorde da conxunción das posibilidades das demais alternativas, e que se considera a opción máis axeitada para a consecución dos obxectivos previstos, que integra os criterios que tratan de salvagardar os valores da sustentabilidade.

#### Identificación e caracterización de efectos

Nesta epígrafe identifícanse e caracterízanse os potenciais efectos significativos das DOT sobre cada unha das variables de sustentabilidade, extraendo unha serie de aspectos clave que serán utilizados no seguinte paso á hora de analizar como as determinacións das DOT teñen incidencia sobre estes aspectos.

O estudo dos efectos faise en función das variables de sustentabilidade establecidas no documento de referencia, e extráense unha serie de aspectos

clave que servirán para detectar as posibles interaccións (tanto positivas como negativas) existentes entre as determinacións establecidas polas DOT e as variables de sustentabilidade.

#### Medidas preventivas para o control do funcionamento da planificación en fervenza

A sétima epígrafe céntrase en analizar as medidas preventivas que garanten a axeitada consideración dos efectos extraídos na anterior epígrafe, e establecen medidas para cada escala de planificación así como para o correcto funcionamento da planificación territorial en fervenza no seu conxunto.

Establécese a incorporación da ferramenta baixo o nome de Análise da Compatibilidade Estratéxica (ACE), cuxa función será o control da coherencia da planificación que se desenvolva en Galicia. Constará de tres partes:



0.2. Panorámica da Coruña

- A consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade, explicando como se consideran os efectos do plan sobre os aspectos clave detectados nas DOT.
- O proceso de decisión, onde se analiza a bondade e calidade do proceso de decisión a través do que se diseña o planeamento.
- A relación cos elementos territoriais estratéxicos de Galicia, avaliando a relación dos plans cos elementos estratéxicos identificados na análise obxectiva do contorno realizada nas DOT.

### Seguimento

Nesta parte trátase de establecer indicadores e métodos que permitan coñecer a evolución das variables de sustentabilidade para, por unha parte, controlar os efectos producidos sobre ditas variables e, por outra, comprobar o cumprimento dos obxectivos xerais e específicos propostos para cada unha delas.

### Viabilidade económica

Conclúese a improcedencia de tal valoración dada a perspectiva marcadamente estratéxica das determinacións das Directrices de ordenación do territorio de Galicia.

### Análise de coherencia

A décima epígrafe versa sobre a análise da coherencia, e a relación entre todos e cada un dos pasos decisivos deste proceso de planificación estratéxica.

# Acerca da Avaliación ambiental estratéxica

*Nesta epígrafe descríbese a metodoloxía de avaliación e a tramitación das directrices e do Informe de sustentabilidade ambiental.*

## 2.1. INTRODUCCIÓN

Con data 30 de abril de 2006 (BOE núm. 102, de 29 de abril de 2006) entrou en vigor a *Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio* que traspuxo a *Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio*.

A Avaliación ambiental estratéxica (AAE) é un instrumento de prevención dirixido aos plans e programas públicos que poidan ter efectos significativos sobre o medio, ben directamente a través das súas propias determinacións, ben porque establezan o marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos a avaliación de impacto ambiental. A AAE é un proceso de avaliación ambiental que se debe efectuar en paralelo á propia elaboración do plan, de forma interactiva ao longo de todo o seu proceso de desenvolvemento e toma de decisión.

A *Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia*, establece no seu Capítulo II os instrumentos de ordenación do territorio e de planeamento urbanístico obxecto de avaliación ambiental estratéxica tendo en conta o establecido pola *Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas*

*no medio*. Así, no punto a) do seu artigo 5, recóllese que serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica os instrumentos de ordenación do territorio regulados na *Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia*, agás os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal que desenvolvan as previsións dun plan sectorial previamente sometido a avaliación ambiental estratéxica segundo a *Lei 9/2006, do 28 de abril*.

Con data 15 de setembro de 2008 apróbanse inicialmente as Directrices de ordenación do territorio. Mediante Orde do 9 de novembro de 2009 do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, acórdase retrotraer o expediente co fin de emendar defectos na tramitación relativos ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica e paliar os prexuízos que se puidesen ocasionar aos interesados.

De acordo coa citada Orde, a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, como órgano promotor das Directrices de ordenación do territorio (DOT), presentou na Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental con data 20 de novembro de 2009 o Documento de Inicio, no que se recollen de xeito resumido os principais obxectivos e características da problemática á que pretenden dar resposta as futuras DOT, dando comezo ao proceso de avaliación ambiental estratéxica.



## 2.2. METODOLOXÍA PARA A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA DAS DOT DE GALICIA

A metodoloxía vén condicionada polo procedemento establecido na *Lei 9/2006 do 28 de abril*, que para o caso dos instrumentos de ordenación do territorio foi concretado na *Lei 6/2007 de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral*. Así, o Documento de Referencia guiará o órgano promotor no proceso de avaliación ambiental estratéxica e ten por obxectivo garantir a integración dos criterios de sustentabilidade na toma de decisións das DOT. Para isto, determináanse as variables e criterios de sustentabilidade que serán a base para a análise das alternativas propostas e para a avaliación dos efectos da alternativa finalmente seleccionada.

O estudo das posibles alternativas mediante a súa confrontación cos criterios establecidos para as variables ambientais, así como a selección da alternativa que finalmente se consolide como proposta definitiva das DOT, plasmarase nun Informe de sustentabilidade ambiental (ISA), cuxa amplitude e nivel de detalle se determina no Documento de referencia.

As DOT que se aproben inicialmente serán sometidas ao proceso de participación e consultas establecido no Documento de Referencia. O resultado de dito proceso recollerase nun informe sobre a participación e consultas no que se describa o procedemento seguido e se xustifique como se toman en consideración as observacións e alegacións realizadas, así como os informes sectoriais recibidos.

Realizadas as consultas e con carácter previo á aprobación provisional, remítiranse ao órgano ambiental o documento das DOT para aprobación provisional, do que forma parte o ISA; o informe sobre a participación e as consultas, xunto coas copias dos informes sectoriais emitidos; e unha proposta de Memoria ambiental.

Con esta información, o órgano ambiental redactará a Memoria ambiental, a través da cal validará o procedemento de avaliación ambiental estratéxica, podendo establecer determinacións que deberán quedar recollidas no documento que se aprobe provisionalmente.

Será o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o responsable da aprobación provisional das DOT, para o que ditará unha Orde que elevará ao Consello da Xunta de Galicia e das que dará traslado ao Parlamento de Galicia para a súa tramitación de acordo co disposto para os plans e programas remitidos pola Xunta no Regulamento do Parlamento de Galicia.

Unha vez debatido o documento no Parlamento, a Xunta de Galicia aprobará definitivamente as DOT coa forma de Decreto, que será publicado no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.

As DOT aprobadas definitivamente poranse a disposición do órgano ambiental, das administracións públicas consultadas e do público afectado, xunto coa documentación especificada no artigo 14 da *Lei 9/2006*.

Finalmente, o órgano promotor realizará un seguimento dos efectos na sustentabilidade da aplicación das DOT, no que o órgano ambiental poderá participar.

# Determinación do ámbito de influencia

*Neste ámbito de influencia xeral considerarase a área de estudo para determinar o ámbito de influencia da ordenación en función dos seus efectos previsibles.*

## 3.1. TERRITORIO

Situada no noroeste da Península Ibérica, Galicia é a rexión máis occidental do continente europeo. Limita ao norte e ao oeste co océano Atlántico, no sur con Portugal e polo leste, ao longo do leito do río Eo co Principado de Asturias e, descendendo, coas provincias de León e Zamora.

O relevo presenta formas suaves, froito do longo proceso erosivo ao que foi sometido. En xeral, as cadeas montañosas son de pouca elevación; as máximas altitudes alcánzanse nas serras orientais (Os Ancares, O Courel, Manzaneda ou Queixa), onde está o cumio máis alto (Pena Trevinca, 2.100 m). Tamén se levanta unha dorsal de serras dispostas de norte a sur que dividen o territorio (O Faro, Cova da Serpe, Serra da Loba...). Entre as áreas afundidas destacan as depresións de Lugo, Ourense e A Limia.

A paisaxe galega está marcada por 2555 quilómetros de costa que configuran unha liña litoral moi ampla, bañada polo océano Atlántico. O seu elemento máis característico da costa son as rías, vales fluviais ocupados polo mar.

O clima, de transición entre o oceánico e o mediterráneo, está determinado pola situación xeográfica de Galicia en latitudes temperadas da fachada atlántica do continente europeo. Así, polo xeral, presenta pouca oscilación térmica e abundantes chuvias, acusándose curtas secas estivais e unha alta insolación anual. Pero existen tamén importantes diferenzas entre unhas zo-

nas e outras, en función de factores diversos, como a orientación, a altitude, o relevo, etc.

Os ríos galegos son moi numerosos debido ás precipitacións, á gran cantidade de fontes e mananciais e á compartimentación do terreo. Os ríos da vertente cantábrica son, polo xeral, curtos e regulares, mentres que os da vertente atlántica son máis longos e presentan pendentes máis suaves. De entre todos eles sobresaen o Miño, con 340 km de percorrido, e o seu afluente o Sil.

A vexetación autóctona galega está composta por carballos, castiñeiros, bidueiros, piñeiros e ameneiros. Co paso do tempo, a acción antrópica modificou esta paisaxe, cubríndoa de campos de cultivo e de extensas áreas de reboación forestal de piñeiros e eucaliptos.

## 3.2. POBOACIÓN

En Galicia viven case que 2.800.000 persoas nun territorio de 29.574 km<sup>2</sup>; a densidade media da comunidade é, pois, relativamente alta (93,8 habitantes/km<sup>2</sup>), aínda que presenta diferenzas significativas na súa distribución espacial, pois existe un forte contraste demográfico entre as zonas da franxa costeira e o interior. Así, na Galicia occidental (A Coruña e Pontevedra) concéntrase a maioría da poboación, mentres as provincias do interior (Lugo e Ourense) perden habitantes cada ano.

Tradicionalmente, Galicia foi coñecida como un país de emigrantes. Na actualidade, esta tendencia inverteuse claramente, até se converter en terra de acollida de inmigrantes estranxeiros.

	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
<b>Emig.</b>	60467	62632	58700	75097	80899	79957	81521	88770	93412	87107
<b>Inmig.</b>	63835	69526	65866	85438	92074	95009	98366	106371	112995	104917
<b>Saldo</b>	3368	6894	7166	10341	11175	15052	16845	17601	19583	17810

INE. Estatística de variacións residenciais.

Na emigración externa, nos anos anteriores ao 2002, non se inclúe a emigración ao estranxeiro. A partir do ano 2006, na emigración ao estranxeiro inclúense as baixas por caducidade.

Porén, nunha análise pormenorizada destes datos identifícase aínda unha importante migración estatal de cara a outras comunidades autónomas, así como grandes movementos migratorios interiores cara ao litoral atlántico como eixo máis dinámico e con máis oportunidades económicas.

En calquera caso, son os datos positivos dos saldos migratorios os que compensan as tendencias na evolución demográfica de Galicia nos últimos anos que apuntan a un retroceso demográfico, consecuencia do acusado descenso da natalidade, e a un avellentamento da poboación.

No que atinxe á distribución da poboación, cabe salientar a multiplicidade de núcleos habitados de pequeno tamaño (29.998 entidades singulares de poboación repartidas en 315 concellos), a dispersión xeográfica e a relativamente baixa taxa de urbanización fundamentalmente a través das sete cidades: as catro capitais provinciais (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra), Vigo, a capital de Galicia (Santiago de Compostela) e Ferrol.

### 3.3. ECONOMÍA

Igual que acontece coa poboación, o maior dinamismo económico de Galicia prodúcese na costa atlántica, pero en calquera caso a economía galega está intimamente relacionada cos seus recursos naturais.

A contribución sectorial ao produto interior bruto a prezos de mercado no 2007 mostra unha tendencia máis ou menos estable nos últimos anos, que define a estrutura económica de Galicia polo que se refire a produción.

O sector servizos, fundamentalmente a través do turismo, representa hoxe en día unha importante fonte de ingresos e postos de traballo na estrutura económica galega. Entre o turismo e as entidades de servizos financeiros configúrase basicamente o sector terciario galego.

A respecto do sector industrial destaca o feito de estar composto por unha gran cantidade de pequenas e medianas empresas fundamentalmente nos sectores da minaría, a madeira e o téxtil. A pesar da importante función das PEME galegas, son as grandes industrias as que aglutinan unha moi importante porcentaxe de man de obra contratada en Galicia. Se a isto lle engadimos a construción, e a produción e distribución de enerxía, o sector secundario conta tamén cun importante peso na economía galega.

No caso da agricultura, a gandaría e a pesca, a súa contribución ao PIB ten un peso menor, mais o carácter estratéxico do sector primario en Galicia vén dado polo seu peso económico (non exclusivamente en termos de PIB) e social, dende unha perspectiva socioeconómica global do conxunto da economía galega. Ademais, da salvagarda e potenciamento do sector primario, intensivo no aproveitamento dos recursos endóxenos, depende unha ampla porción das opcións de desenvolvemento futuro do medio rural, e é unha actividade estratéxica desde o punto de vista da sustentabilidade.

### 3.4. PRINCIPAIS DATOS DE GALICIA

<b>POBOACIÓN</b>	<b>Dato</b>	<b>Período</b>	<b>Fonte</b>
Poboación	2.796.089	2009	INE
Saldo vexetativo	-6.226	2008	INE-IGE
Saldo migratorio	17.81	2008	INE-IGE
Taxa bruta de natalidade (‰)	7,8	2007	IGE
Taxa bruta de mortalidade (‰)	10,7	2007	IGE
Número medio de fillos por muller	1,04	2007	IGE
<b>TRABALLO E PROTECCIÓN SOCIAL</b>	<b>Dato</b>	<b>Período</b>	<b>Fonte</b>
Taxa de actividade (%) <sup>(2)</sup>	55,2	2009	INE
Taxa de paro (%) <sup>(2)</sup>	12,6	2009	INE
Ocupados (miles de persoas) <sup>(2)</sup>	1.151,4	2009	INE
Afiliados á Seguridade Social. Media anual	1.029.625	2009	MTAS
<b>BENESTAR</b>	<b>Dato</b>	<b>Período</b>	<b>Fonte</b>
Ingresos medios mensuais por fogar	1.923	2007	IGE
Taxa de risco de pobreza <sup>(6)</sup>	14,56	2007	IGE
% de persoas conectadas a internet	32,45	2007	IGE
<b>EDUCACIÓN</b>	<b>Dato</b>	<b>Período</b>	<b>Fonte</b>
Alumnado matriculado no ensino non universitario	449	2009-2010	CEOU
Número de títulos editados de libros e folletos	3.747	2008	INE
Bibliotecas	693	2005	CCD
<b>SAÚDE</b>	<b>Dato</b>	<b>Período</b>	<b>Fonte</b>
Esperanza de vida ao nacer	81,1	2007	IGE
homes	77,4	2007	IGE
mulleres	84,7	2007	IGE
Médicos colexiados	12.053	2008	INE
Camas instaladas nos hospitais do SERGAS	7.956	2008	SERGAS
Beneficiarios con dereito a prestación farmacéutica do SERGAS	2.739.521	2008	SERGAS

(1) Datos provisionais (2) Metodoloxía EPA 2005 (3) Datos avance (4) Só se inclúen as centrais de potencia instalada maior de 1 Mgw (5) Só se inclúen as estradas dependentes do Estado, das comunidades autónomas e das deputacións provinciais (6) A taxa de risco de pobreza é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar do risco de pobreza, que se establece no 60% da media de ingresos equivalentes AEAT: Axencia Estatal de Administración Tributaria CCD: Consellería de Cultura e De-

<b>AGRICULTURA E PESCA</b>	<b>Dato</b>	<b>Período</b>	<b>Fonte</b>
Bovino (número de animais)	949.436	2008	IGE
Porcino (número de animais)	875.418	2007	CMR
VEB <sub>pb</sub> sector primario (prezos correntes). Base 2000 (miles de euros) <sup>(3)</sup>	2.168.503	2007	IGE
<b>INDUSTRIA E ENERXÍA</b>	<b>Dato</b>	<b>Período</b>	<b>Fonte</b>
Produción bruta de enerxía eléctrica (Mgw) <sup>(4)</sup>	27.204.440	2007	MITC
VEB <sub>pb</sub> sector enerxético (prezos correntes). Base 2000 (miles de euros) <sup>(3)</sup>	1.837.889	2007	IGE
VEB <sub>pb</sub> sector industrial (prezos correntes). Base 2000 (miles de euros) <sup>(3)</sup>	7.631.612	2007	IGE
<b>CONSTRUCCIÓN</b>	<b>Dato</b>	<b>Período</b>	<b>Fonte</b>
Número de vivendas a crear en nova planta	23.163	2008	IGE-MF
Superficie a construír en nova planta (m <sup>2</sup> )	4.939.823	2008	IGE-MF
Prezo medio do m <sup>2</sup> da vivenda libre	1.552	2008	MV
VEB <sub>pb</sub> construción (prezos correntes). Base 2000 (miles de euros) <sup>(3)</sup>	7.464.383	2007	IGE
<b>MACROMAGNITUDES</b>	<b>Dato</b>	<b>Período</b>	<b>Fonte</b>
PIB <sub>pm</sub> (prezos correntes). Base 2000 (miles de euros) <sup>(3)</sup>	55.850.325	2007	IGE
Gasto en consumo final (prezos correntes). Base 2000 (miles de euros) <sup>(3)</sup>	43.397.503	2007	IGE
Formación bruta de capital (prezos correntes). Base 2000 (miles de euros) <sup>(3)</sup>	21.195.151	2007	IGE
<b>EMPRESAS</b>	<b>Dato</b>	<b>Período</b>	<b>Fonte</b>
Número de empresas con sede social en Galicia	210.119	2008	IGE
Persoas físicas	123.754	2008	IGE
Número de unidades locais	242.811	2008	IGE
<b>ESTRADAS, TRÁFICO E TRANSPORTE</b>	<b>Dato</b>	<b>Período</b>	<b>Fonte</b>
km de estrada <sup>(5)</sup>	17.537	2008	MF
Parque de vehículos	1.896.594	2008	DGT
<b>SECTOR EXTERIOR</b>	<b>Dato</b>	<b>Período</b>	<b>Fonte</b>
Importacións/introducións (miles de euros) <sup>(1)</sup>	12.929.784,3	2009	IGE-AEAT
Exportacións/expedicións (miles de euros) <sup>(1)</sup>	13.759.676,9	2009	IGE-AEAT

porte CEOU: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria CMR: Consellería do Medio Rural DGT: Dirección Xeral de Tráfico IGE: Instituto Galego de Estatística INE: Instituto Nacional de Estatística MF: Ministerio de Fomento MITC: Ministerio de Industria, Turismo e Comercio MTAS: Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais MV: Ministerio de Vivenda; Sergas: Servizo Galego de Saúde

# 4 Análise obxectiva do contorno

*Nesta epígrafe realizarase unha descrición dos problemas e condicionantes ambientais, económicos e sociais da situación previa ao novo ordenamento e que poden influír na súa intención.*

## 4.1. OCUPACIÓN DO TERRITORIO

A pesar de que, nun mundo global, as características territoriais son o factor clave, tanto para a preservación da identidade como para a competitividade económica, o resultado da ordenación do territorio galego non segue un modelo explicitamente definido no que se identifiquen, caractericen e valoricen os recursos estratéxicos do territorio. A ausencia prolongada dun marco de referencia que estableza un modelo territorial para Galicia permitiu que as actuacións multisectoriais promovidas por distintos niveis de decisión, tanto pública como privada, tivesen unha serie de efectos imprevistos dende a perspectiva das sinerxías, da acumulación e da interacción entre distintas actuacións sobre o territorio.

Considerando o gran número de asentamentos que, con algo máis de 30000 entidades de poboación, supoñen case a metade de todos os españois, a fragmentación é un dos trazos territoriais máis singulares de Galicia. A configuración actual deste tecido de asentamentos compromete a capacidade para ofrecer á cidadanía unha accesibilidade equitativa aos servizos básicos. Fundamentalmente por criterios de cohesión social, é necesario garantir esta accesibilidade.

Esta importante dispersión fai que, dende unha perspectiva ambiental, sexa preciso ofrecer alternativas para satisfacer estas demandas de mobilidade con modos alternativos ao automóbil, tanto dende a perspectiva da oferta

como da xestión da demanda actual e a xeración de novas necesidades de desprazamentos.

Os cambios demográficos e económicos acontecidos ao longo da segunda metade do século XX provocaron o tránsito dun modelo de ocupación dos asentamentos eminentemente rurais a outro no que é predominante o ocupamento de asentamentos urbanos.

Hoxe ten especial importancia harmonizar o desenvolvemento das cidades con criterios de complementariedade e funcionalidade territorial para evitar sinerxías negativas. Ao seu peso demográfico hai que unir a importancia das funcións urbanas que desenvolven. A diversidade e o nivel dos seus servizos e actividades económicas en comparación cos restantes núcleos de poboación dan lugar a unha crecente capacidade de atracción destas cidades. Aparece así un sistema urbano polarizado eao redor das sete principais cidades, que actúan, cunha crecente centralidade, como elementos estruturantes do territorio e que satisfán a maior parte das demandas da poboación en canto a servizos de todo tipo.

Adicionalmente, Galicia dispón dun atractivo conxunto de vilas pequenas e medias que constitúen espazos clave para a integración do urbano e o rural. Nelas coexisten paisaxes construídas e ámbitos naturais, definindo unha paisaxe característica do noso territorio. En xeral, o patrimonio natural e paisaxístico constitúe un dos principais activos para o desenvolvemento futuro de Galicia. Concretamente, o litoral é un espazo estratéxico para o

desenvolvemento de Galicia que está sometido a presións e cambios que inciden na súa transformación.

O aproveitamento destes recursos naturais ten convertido a produción de alimentos de calidade nun dos principais activos da economía galega, tanto a través da agricultura e gandería como da pesca. Pero Galicia tamén é unha das máis importantes potencias forestais de Europa. Unha aposta decidida pola valorización deste potencial ten importantes efectos nas posibilidades de desenvolvemento do rural.

Estes factores fan que sexa preciso controlar os procesos de urbanización que fomenten unha elevada dispersión en moi baixa densidade ao mesmo tempo que se procure evitar a perda de valor ocasionada polo abandono de lugares e aldeas.

No contexto global xa referido, a ordenación xoga tamén un papel importante á hora de configurar as relacións entre territorios. Dende a perspectiva destas Directrices de ordenación do territorio, o ámbito de integración con maior potencial e grao de consolidación é a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, a cal, cunha superficie de 51.000 km<sup>2</sup> (maior ca Dinamarca ou Suíza), se presenta como unha das grandes oportunidades para crear un ámbito de centralidade e desenvolvemento no noroeste peninsular. Pero tampouco podemos esquecer a cornixa Cantábrica, que nos achega aos espazos centrais de desenvolvemento europeo e conforma un ámbito no que os seus territorios presentan afinidades e problemas similares. E, naturalmente as conexións coa Meseta e Madrid como enlace co resto do Estado e como punto de conexión internacional.

Esta ocupación do territorio ten consecuencias directas observables sobre unha serie de variables ambientais e da sustentabilidade que é preciso analizar. Entre estas valoracións xerais previas e as consideracións máis concretas que se mostran a continuación, quedarán referidas todas as variables de sustentabilidade identificadas no Documento de Referencia para o procedemento de Avaliación ambiental estratéxica das Directrices de ordenación do territorio de Galicia.

## 4.2. ELEMENTOS ESTRATÉXICOS DO TERRITORIO

A pesar de non contar cun modelo territorial formalmente explicitado, realízase a continuación unha aproximación ou repaso dos elementos territoriais estratéxicos de Galicia.

### 4.2.1 Paisaxe e patrimonio natural e cultural

Sen dúbida os patrimonios natural e cultural teñen unha gran responsabilidade na configuración da paisaxe, polo que constitúen dous dos principais activos para o desenvolvemento futuro de Galicia.

#### A. Paisaxe

En Galicia existen paisaxes naturais de enorme atractivo, tanto nas áreas costeiras coma no interior. A paisaxe plasma o resultado das interaccións de múltiples variables sobre o contorno e, en última instancia, o resultado da acción humana como reflexo do aprecio e o coidado do territorio que habita e no que desenvolve as súas actividades cotiás. A calidade, variedade e posibilidades de uso que presenta a paisaxe galega convértena nun elemento diferencial e estratéxico que require dun esforzo especial para a súa preservación e valorización.

O ámbito paisaxístico de moitas das nosas cidades máis importantes constitúe, sen dúbida, un dos seus activos urbanos máis valiosos. Existe ademais unha rede de núcleos tradicionais cunha imaxe excepcional e un patrimonio paisaxístico, ligado ás actividades agrarias, que constitúe un dos sinais de identidade e imaxe máis importantes do noso territorio.

Non obstante hai ámbitos moi antropizados, nos que a desorde que inducen a urbanización difusa e a contaminación visual provocaron un importante cambio paisaxístico. Esta perda de calidade afecta especialmente ás periferias urbanas, aos que se podería denominar agregados urbanos, ás zonas costeiras de maior densidade demográfica e ao ámbito das principais vías de comunicación, onde é máis visible a deterioración e maior é o seu impacto sobre a percepción do territorio.

A redución das actividades do sector primario é un proceso de relevantes repercusións na xestión do territorio e significa unha profunda transformación da paisaxe rural de Galicia. En moitas áreas, a escasa produtividade agraria e o declive das poboacións rurais levaron a un progresivo abandono de terras de cultivo.

Pola súa parte, o dinamismo urbano das últimas décadas en Galicia produciu a ruptura da morfoloxía e da imaxe tradicional de moitas das nosas cidades. Son evidentes os problemas de deterioración da imaxe urbana, perda de identidade dos núcleos e proliferación de desenvolvementos difusos, escasa calidade de fachadas e espazos públicos, graves impactos nas periferias e ámbitos profundamente transformados.

As paisaxes costeiras atesouran un enorme valor e atractivo. Porén, os intensos procesos de urbanización, especialmente nas costas das Rías Baixas e dos ámbitos de Ferrol e A Coruña están a conducir a unha modificación radical na paisaxe orixinal.

## B. Patrimonio natural

Galicia conta cunha importante biodiversidade, traducida sobre todo nunha abundancia de hábitats naturais e seminaturais (esteiros, lagoas, numerosos ríos, dunas, bosques, campiñas, hábitats de montaña, fondos mariños, matogueiras, prados de sega, etc.). Todo isto, ligado á variada climatoloxía e á complexidade estrutural de Galicia, xera un variado mosaico de hábitats, o que se traduce na existencia dunha flora e fauna relativamente diversas.

A rede galega de espazos naturais protexidos pretende recoller e preservar os ecosistemas máis representativos e significativos do territorio galego: costas e rías, lagoas, ecosistemas fluviais, serras do interior, fragas e devesas, etc.

O litoral é un espazo estratéxico para o desenvolvemento de Galicia que está sometido a presións e cambios que inciden na súa transformación. Considerando a súa diversidade e singularidade é preciso salvaguardar estes valores evitando a súa deterioración e valorizando os recursos propios deste contorno irreproducibile.

## C. Patrimonio cultural

Un dos maiores atractivos, xeneralizado ao longo do territorio galego, e que se manifesta mesmo en poboacións de moi escasa entidade, é o patrimonio cultural existente, destacable tanto pola súa abundancia como pola súa variedade. Esta dispoñibilidade xunto coa súa dispersión ao longo e ancho do territorio está na orixe de que moitos dos elementos patrimoniais quedaran esquecidos, carezan de protección ou permanezan á marxe de calquera función. Iso implica a inmovilización dun capital que, axeitadamente utilizado, contén un enorme valor. A falta de uso actual supón un risco moi elevado para a súa conservación.

Os centros históricos, os edificios e paisaxes de interese artístico, histórico ou cultural, xunto co rico e variado patrimonio cultural de Galicia constitúen un dos seus sinais de identidade e un referente de calidade do territorio.

Os Camiños de Santiago, e outras rutas culturais como a Ribeira Sacra, proporcionan un tecido territorial de enorme valor que se prolonga en territorios veciños. Esta rede de percorridos integra centros históricos, pobos e cidades e o espectacular patrimonio disperso por toda Galicia que constitúe unha das fortalezas do territorio que se debe potenciar nunha grande oferta integrada.

### 4.2.2 Socioeconomía

#### A. Producción de alimentos

A produción de alimentos de calidade é un dos principais activos da economía galega. Para aprobeitalo é preciso favorecer os procesos de transformación e de comercialización de produtos do agro e do mar e, en particular, aqueles que garanten un beneficio directo aos produtores de base galega.

##### 1. Agricultura e gandaría

A utilización, consumo e distribución de produtos agroalimentarios galegos permitirá valorizar os nosos recursos e xerar riqueza mediante o peche do ciclo produtivo no noso país.



Un sector agrícola que respecte a biodiversidade, os métodos de produción compatibles coa protección do medio e a remuneración das funcións territoriais, sociais e ambientais da actividade agraria posibilitará mellorar as condicións de vida e de traballo dos agricultores e gandeiros para seguir tendo un sector agroalimentario forte. A defensa dos seus intereses, así como das industrias agroalimentarias que operan no noso país, creando emprego e riqueza, segue tendo unha importancia vital para o mantemento dun medio rural vivo e con futuro e garantía de sustentabilidade.

O mesmo se pode dicir ao respecto da gandería, que precisa conseguir un modelo de produción que lles permita medrar ás explotacións en canto a número de cabezas e de superficie dedicada a cultivos e pastos, á vez que se reduce o esforzo físico dos produtores coa aplicación de maquinaria e de novas tecnoloxías que fagan máis rendible o seu traballo. Débese incidir na base territorial das explotacións, para que dependan menos dos concentrados e alimenten os animais con pasto, forraxe e cereais preferiblemente de produción local, ou a través da introdución de novos cultivos de proteaxinosas.

## 2. Pesca e acuicultura

A riqueza biolóxica do noso litoral constitúe unha fonte de recursos esenciais para as poboacións da beiramar, que dende antigo os veñen aproveitando como fonte de ingresos e para a súa alimentación. A tradición e especialización das vilas do litoral no aproveitamento dos recursos mariños fai que o sector pesqueiro continúe a ser un dos primeiros axentes da economía galega, non só por datos propios senón por riqueza inducida, xa que se estima que por cada emprego no mar se crean ao redor de catro empregos máis en terra.

Desta herdanza hai dúas actividades de explotación que sobresaen: o tradicional marisqueo a pé, e as máis modernas técnicas orientadas ao cultivo de especies mariñas, a acuicultura. O marisqueo a pé ten unha grande importancia social en Galicia, xa que del dependen os ingresos de 4.606 persoas (das que máis de 4.100 son mulleres). A acuicultura, pola súa parte, atópase actualmente nun proceso de expansión. Algunhas empresas situadas en Galicia son líderes do sector, tanto no mercado español como nos mercados internacionais.

## B. Aproveitamento forestal

Galicia é unha das máis importantes potencias forestais de Europa cunha superficie forestal arborizada de máis de 1.400.000 hectáreas, producindo eao redor do 50% da madeira en España. O desenvolvemento rural da nosa comunidade autónoma pasa ineludiblemente polo compromiso cunha xestión forestal que garanta a multifuncionalidade do monte galego, se desenvolva dun xeito respectuoso co medio, procure a rendibilidade económica e social beneficiosa e, ademais, marque o camiño do futuro dos nosos bosques.

De cara á ordenación dos montes débese acadar posibilitar a compatibilidade dos diferentes usos, definindo as restricións e potencialidades, e tomando en consideración os factores ecolóxicos, sociais e económicos.

## C. Solo empresarial

Na ausencia dun modelo de ordenación territorial, os procesos de industrialización e desenvolvemento empresarial de Galicia concentráronse espontaneamente nos ámbitos máis dinámicos do territorio, pero tamén dispersándose nunha serie de espazos produtivos desordenados e de escasa calidade, que supoñen un obstáculo para o propio desenvolvemento industrial. Esta creación de polígonos voluntarista estivo marcada por un desacoplamento coas necesidades reais das empresas. Así conviven na actualidade grandes bolsas de solo industrial vacante, cunha importante demanda ao redor das áreas económicas máis dinámicas.

Na actualidade é preciso conxugar eficacia e eficiencia na procura da maior rendibilidade dos investimentos en parques empresariais que favorezan a súa función vertebradora da política territorial, ao seren deseñados en relación coas súas características funcionais e de localización.

## D. Turismo

O turismo xa é na actualidade unha actividade fundamental en Galicia e continúa a crecer en importancia. Afecta transversalmente a toda a economía, xa

que engloba diferentes sectores e profesións. A política turística, necesariamente, ten que desenvolverse baseada nun plan xeral de turismo transversal, que estableza obxectivos, directrices, estratexias e medidas, que permitan o logro dos rendementos económicos e sociais esperados, de maneira que o futuro desenvolvemento evite tensións e disfuncións nos procesos de actuación e decisión, á vez que artelle mecanismos de protección ambiental.

Para isto é preciso dispoñer dun modelo territorial no ámbito da Comunidade, que delimite a especialidade e a eficiencia na creación de ofertas nos destinos e que xere combinación de produtos axeitados para cada espazo, caracteres locais, actitudes da poboación, e que ademais permita unha ordenación do territorio en función dos movementos e motivacións da demanda.

#### E. Equipamentos e servizos básicos

Os equipamentos e servizos básicos determinan, en gran medida o benestar e a cohesión social. A accesibilidade da cidadanía a eles supón un factor de competitividade territorial que os converte en elementos de dinamización da actividade socioeconómica.

A prestación de servizos sociais debe dar respostas ás características propias de Galicia, que desde unha perspectiva territorial se atopa cun importante compoñente rural e de accesibilidade limitada, que fai especialmente importante calquera esforzo por garantir a igualdade no acceso a equipamentos e servizos básicos.

As tendencias demográficas tamén son unha importante referencia. Por exemplo, o avellentamento da poboación, que está a ser especialmente acentuada na Galicia interior, polariza cara a estas zonas unha gran parte das persoas maiores que son especialmente demandantes de servizos sociais. Ou tamén os novos modelos de familia, como as familias monoparentais, que producen situacións de maior vulnerabilidade fronte a posibles episodios de necesidade.

### 4.3. VARIABLES RELATIVAS Á SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL

#### 4.3.1 Atmosfera

A atmosfera é un ben común e un recurso vital, e a súa contaminación ocasiona danos tanto na saúde humana coma no ambiente, polo que a súa protección se converte nunha prioridade das políticas ambientais.

Nos ámbitos local e rexional, a contaminación das cidades, causada fundamentalmente polas emisións derivadas do tráfico, así como polo aumento progresivo da actividade industrial, require da análise da situación da calidade do aire que respiramos e da elaboración de ferramentas de planificación que axuden a manter ou reducir as concentracións de contaminantes aos que está exposta a poboación.

Galicia conta con dúas redes de control da calidade do aire, que vixían o estado dos contaminantes de natureza química e axentes biolóxicos, respectivamente: a Rede Galega de Calidade do Aire (RGCA) e a Rede Galega de Aerobioloxía (RGA). Como apoio á RGCA, hai de destacar tamén a existencia, no concello do Saviñao (Lugo), dunha estación pertencente á rede de vixilancia da contaminación atmosférica residual, ou de fondo, a escala rexional, que vixía os niveis troposféricos de contaminación atmosférica residual ou de fondo nunha rexión, e avalía o transporte dende fontes emisoras situadas a grandes distancias dela.

A través dos datos dispoñibles destas redes e dispoñibilizados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a través dos Informes da Calidade do Aire de Galicia, non se identifican situacións preocupantes en termos absolutos de niveis legais de contaminación, pero será preciso agardar a contar cunha acumulación de datos históricos representativos para poder establecer valoracións acerca das tendencias que se están a producir en Galicia ao respecto da calidade do aire.

### 4.3.2 Ciclo hídrico

A Directiva Marco da Auga (DMA) 2000/60/CE establece un novo marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, cuxo obxectivo central é a prevención, conservación e protección das masas de auga europeas, tanto continentais como de transición e costeiras.

De acordo con este novo enfoque na xestión da auga estanse redactando os plans hidrolóxicos dos distintos organismos de cunca presentes en Galicia, así como os seus respectivos programas de medidas de cara á consecución dos obxectivos marcados en dita planificación.

Nun diagnóstico inicial identifícase a necesidade de establecer medidas como a redución de verteduras, emisións e perdas de substancias prioritarias, garantir o subministro de auga en bo estado ou paliar os efectos das inundacións e secas, o que en definitiva significa promover unha xestión sostible baseada na protección a longo prazo dos recursos.

É recentemente, a partir do ano 2007, cando deixan de funcionar as redes de seguimento da Calidade das Augas existentes na Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa (que se manteñen co único obxectivo de conservar rexistros históricos), e entran en vigor as redes de seguimento do Estado das Augas adaptadas á nova concepción da DMA, que implica un reenfoque dos programas de seguimento.

#### A. Abastecemento

O 77% da poboación total de Galicia ten abastecemento municipal, nalgúns casos a través de empresas concesionarias ou mixtas. Un 10% da poboación total de Galicia abastécese a través de redes xestionadas polos veciños, que nalgúns casos son construídas polos concellos. E o 13% restante autoabastécese mediante pozos ou mananciais privados.

Para garantir a capacidade dun abastecemento de auga, sustentable no tempo, en condicións de calidade e en cantidade suficiente, é necesario dispoñer dunha ferramenta de xestión, protección e distribución dos recursos hídricos que permita un desenvolvemento socioeconómico acorde coa súa dispoñibilidade real.

#### B. Saneamento

A Xunta de Galicia, a través de Augas de Galicia e a Empresa Pública de Obras Hidráulicas e Servizos, durante os últimos anos veu realizando unha serie de obras de construción e mellora dos sistemas de saneamento de augas residuais, cuxo obxectivo era o cumprimento da Directiva Europea 91/271/CEE de 21 de maio de 1991 sobre o tratamento das augas residuais urbanas, o que supuxo que moitos núcleos conten a día de hoxe con sistemas adecuados de depuración.

Superados os calendarios fixados na Directiva 91/271/CEE, é preciso avanzar no proceso, de xeito que aqueles núcleos máis pequenos poidan tamén contar con sistemas de depuración que garantan o cumprimento dos obxectivos ambientais da Directiva Marco da Auga.

Así, iniciouse a elaboración do Plan de saneamento 2008-2015 que pretende planificar e dar solución á depuración de augas en todas aquelas entidades de poboación de máis de 50 hab. que non teñan resolto o seu saneamento.

### 4.3.3 Enerxía

O enerxético é un sector estratéxico na economía de Galicia, tanto na xeración como na transformación. A capacidade de xeración de enerxía eléctrica instalada no ano 2007 supuxo algo máis do 10% do total de España. En Galicia, existe un gran potencial de recursos renovables, o que permite dispoñer dun parque de xeración renovable de grande importancia, principalmente de enerxía

eólica e hidráulica. Non obstante, e igual que na maioría dos países da Unión Europea, as principais fontes de enerxía seguen a ser o petróleo e o carbón.

Respecto á satisfacción da demanda interior, a estrutura territorial da Comunidade impón grandes condicionantes ao aumento da eficacia enerxética, en especial para aqueles grandes investimentos nos que a masa crítica non os fai xustificables.

#### 4.3.4 Xestión de residuos

En Galicia conviven actualmente diferentes modelos de xestión de residuos. O modelo xenérico e maioritario é o modelo SOGAMA, ao que se atopan adheridos o 83% dos concellos e no ano 2005 tratou o 77% dos residuos xerados. Existen, non obstante, unha serie de municipios que aínda seguen depositando moitos dos seus residuos, sen un tratamento previo, en vertedoiros locais.

A xeración de residuos total e a xeración por habitante e día están a aumentar, o que se relaciona co fenómeno da migración de zonas máis rurais a zonas urbanas co conseguinte aumento do nivel de vida e a aparición de novos hábitos de vida e consumo que contribúen a que aumente a produción de residuos no fogar.

A situación a respecto da xestión e tratamento de residuos en Galicia demostra o colapso da capacidade das instalacións de tratamento actuais que provoca a necesidade de desenvolver unha planificación de infraestruturas que coordine as infraestruturas existentes e as súas necesidades coa construción de novas plantas a medio e longo prazo.

A elevada dispersión territorial, tan característica de Galicia, non fai aconsellable un modelo único de xestión, senón adaptar a cada zona aquelas recollidas e, polo tanto, tratamentos de residuos, que maior eficiencia ambiental e económica dean ao conxunto da xestión. En calquera dos casos, a dispersión fai que un modelo de tratamento moi centralizado provoca un moi elevado custo enerxético en transporte e ademais no medio rural algunhas recollidas selectivas demostran unha baixísima eficiencia.

#### 4.3.5 Cambio climático

As evidencias do cambio climático supoñen unha preocupación destacada na nosa Comunidade, así como un reto na urxente loita para paliar os seus efectos, e cuxa repercusión afecta a todos os ámbitos da sociedade, á economía e, por suposto, ao medio.

A Xunta de Galicia realizou unha serie de investigacións no marco do proxecto CLIGAL no que se recollen as evidencias do cambio climático e os posibles impactos que este fenómeno pode causar.

Neste sentido, faise necesario considerar as posibles estratexias de adaptación e atenuación das consecuencias a longo prazo do cambio climático, e das actuacións encamiñadas a conseguir un cambio social que posibilite un modelo de desenvolvemento baixo en emisións de carbono, incorporando hábitos preventivos e adaptados nas xeracións actuais e futuras.

#### 4.3.6 Mobilidade

A integración da comunidade cos espazos lindeiros e a súa proxección exterior como elemento estratéxico de futuro esixe un notable esforzo en infraestruturas físicas e telemáticas.

##### A. Estradas

As estradas constitúen un dos compoñentes esenciais para a articulación interna de Galicia. É previsible que no futuro a estrada seguirá a ser o modo dominante na mobilidade dun territorio cunha elevada dispersión do hábitat, e unha baixa densidade poboacional.

##### B. Ferrocarril

Se a rede de proximidade ten unhas posibilidades limitadas (pero moi interesantes de explorar no eixo atlántico) a rede ferroviaria de alta velocidade é unha

infraestrutura de enorme transcendencia para o desenvolvemento territorial de Galicia, xa que permitirá impulsar e articular o noso sistema urbano policéntrico, e terá un papel estratéxico na consolidación da Eurorrexión, na conexión con Madrid e, a máis longo prazo, cos sistemas urbanos do Cantábrico.

### C. Aeroportos

É preciso afrontar baixo o prisma da eficiencia, a redefinición dun sistema aeroportuario eficaz como un dos elementos máis importantes para a proxección internacional da comunidade, e o aproveitamento das oportunidades de desenvolvemento rexional.

### D. Portos

As competencias sobre as infraestruturas portuarias están repartidas competencialmente entre o estado e o goberno autonómico. Os portos de maior tamaño, os de interese xeral, están xestionados polo estado a través das Autoridades Portuarias (Vigo, Marín, Vilagarcía, A Coruña e Ferrol). Os novos portos exteriores en Ferrol e A Coruña, ou as actuacións do porto de Vigo son operacións esenciais para a economía rexional e representan, ademais, excelentes oportunidades para repensar o deseño da relación destas cidades co mar e a súa contorna.

O sistema portuario ten tamén unha grande incidencia na articulación urbanística e na competitividade económica do territorio. É necesario planificar as infraestruturas portuarias con criterios de cooperación e complementariedade.

### E. Intermodalidade

A verdadeira clave de futuro para lograr transportes eficientes que aumenten a competitividade das actividades económicas de Galicia e permitan aumentos da mobilidade en condicións de sustentabilidade está na concepción integrada dos diferentes modos e o desenvolvemento de infraestruturas que faciliten a intermodalidade, e que hoxe en día están aínda pouco desenvolvidos na nosa Comunidade.

O Plan de mobilidade alternativa que vai ser desenvolvido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e que pretende deseñar unha rede ciclista autonómica pensando na súa coherencia e compatibilidade coas redes máis próximas, pode ser considerado un primeiro paso nesta liña.

## 4.4. PLANS, PROGRAMAS E ESTRATEXIAS RELACIONADAS COAS DOT

As Directrices de ordenación do territorio relaciónanse con plans, programas e estratexias que atenden a ámbitos de actuación moi diferentes, internacional, europeo, autonómico e mesmo local. Neste sentido, pódese dicir que en xeral, as DOT sitúanse nun nivel xerárquico inferior con respecto a estratexias europeas e estatais, e nun nivel superior en relación a estratexias de rango autonómico e local.

Destas relacións xorden puntos en común, o que moitas veces dá como resultado obxectivos similares que van perdurando ao longo da ferverza de planificación e estratexias. Noutros casos, estas estratexias inciden nas variables identificadas para as DOT, tanto directamente, entendido como as variables sobre as que se incide principalmente ao ser ámbito da súa acción, como de maneira máis indirecta, neste caso derivada da acción sen ser obxecto dela.

No sentido de facilitar a comprensión destas interaccións optouse por analizar con maior profundidade as estratexias, plans e programas estatais e autonómicos: os estatais ao entender que asumen os principios e criterios internacionais e europeos; e os autonómicos ao ser os que orientan as actuacións en Galicia e sobre os que as DOT deberán incidir para a consecución dos seus obxectivos.

Dita análise preséntase utilizando unhas táboas nas que se relacionan os plans, programas e estratexias coas variables de estudo identificadas para o deseño das DOT. Asígnanse diferentes cores de acordo co anteriormente explicado: (●), variables sobre as que os plans, programas e estratexias teñen obxectivos en común; (●), variables sobre as que se incide principalmente; e (●), variables sobre as que se incide de forma máis indirecta.

	OT	P	PNC	SE	A	CH	En	Re	CC	M
PLANS, PROGRAMAS E ESTRATEXIAS ESTATAIS	Ocupación do Territorio	Paisaxe	Patrimonio Natural e Cultural	Sociedade Economía	Atmosfera	Ciclo Hídrico	Enerxía	Xestión de Residuos	Cambio Climático	Mobilidade
Estratexia de desenvolvemento sustentable	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Estratexia española de cambio climático e enerxía limpa. Horizonte 2007-2012-2020				●	●		●	●	●	●
Plan nacional de adaptación ao cambio climático	●		●	●					●	
Estudo estratéxico ambiental do litoral para a instalación de parques eólicos mariños		●		●	●		●		●	
Planificación dos sectores de electricidade e gas (2008- 2016)	●			●	●		●		●	
Estratexia española de medio urbano	●	●	●	●	●	●	●	●		●
Estratexia e plan forestal español	●		●	●					●	
Programa de desenvolvemento rural sustentable (2010- 2014)	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Programa operativo do fondo europeo para a pesca 2007- 2013	●	●	●	●						
Directrices para o tratamento do borde costeiro	●	●	●	●						
Plan nacional de calidade das augas: saneamento e depuración (2007- 2015)	●		●	●		●	●	●	●	
Plan nacional de reutilización de augas rexeneradas			●			●		●		
Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Miño- Sil	●		●	●		●			●	
Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica do Cantábrico	●		●	●		●			●	
Estratexia nacional de restauración de ríos						●				
Estratexia española de mobilidade sustentable	●		●	●	●		●		●	●
Plan estratéxico de infraestruturas de transporte (PEIT)	●	●	●	●					●	●
Plan sectorial de estradas	●	●	●	●	●		●		●	●
Plan sectorial de transporte en estrada				●	●		●		●	●
Plan intermodal do sistema de transporte de mercadorías				●	●		●		●	●
Plan intermodal do sistema de transporte de viaxeiros				●	●		●		●	●
Plan sectorial de ferrocarrís	●	●	●	●	●		●		●	●
Plan de utilización dos espazos portuarios de Vigo	●			●		●				●
Plan director do aeroporto de Vigo	●			●	●					●
Plan nacional integrado de residuos (PNIR)				●	●		●	●		●
Plan estratéxico do patrimonio natural e da biodiversidade	●	●	●	●		●				

PLANS, PROGRAMAS E ESTRATEXIAS ESTATAIS	OT	P	PNC	SE	A	CH	En	Re	CC	M
	Ocupación do Territorio	Paisaxe	Patrimonio Natural E Cultural	Sociedade Economía	Atmosfera	Ciclo Hídrico	Enerxía	Xestión de Residuos	Cambio Climático	Mobilidade
Plan MOVE	●	●	●	●	●		●		●	●
Plans de residuos: urbanos, sanitarios, agrícolas e industriais				●	●		●	●		●
Programa marco galego fronte ao cambio climático				●	●		●	●	●	●
Plan enerxético estratéxico 2010-2015	●	●	●	●	●		●		●	●
Plan sectorial eólico	●	●	●	●			●		●	
Plan hidrolóxico Galicia-Costa	●		●	●		●			●	
Plan de saneamento 2008- 2015	●		●	●		●	●	●	●	
Plan hidroeléctrico Galicia-Costa	●	●	●	●		●	●		●	
Plan de abastecemento	●		●	●		●	●		●	
Plan de solo empresarial de Galicia	●	●		●	●	●	●	●		●
Plan sectorial do solo con destino a vivenda protexida	●	●		●		●	●	●		●
Plan galego de acuicultura 2008	●	●	●	●		●		●		●
Plan de ordenación dos cultivos na zona marítima	●	●	●	●		●				
Plan director das instalacións náutico deportivas	●	●	●	●		●		●		●
Plans de utilización dos espazos portuarios (PUEP)	●			●		●				●
Programa de desenvolvemento rural 2007- 2013	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Plan director de conservación de Rede Natura 2000	●	●	●	●		●				
Plans de ordenación dos recursos naturais (PORN)	●	●	●	●		●				
Plan galego de ordenación dos recursos piscícolas e ecosistemas acuáticos continentais			●	●		●				

# Definición de obxectivos

*Basicamente, esta parte compila os obxectivos xerais da ordenación e os específicos para manter ou potenciar a funcionalidade dos elementos estratéxicos identificados e os que tratan de preservar, potenciar ou recuperar as variables da sustentabilidade ambiental.*

## 5.1. OBXECTIVOS NORMATIVOS

Normativamente, as Directrices de ordenación do territorio de Galicia teñen como obxectivo final o de establecer as pautas espaciais de asentamento das actividades, de acordo coas políticas sociais, económicas e culturais emanadas da comunidade e para iso deberán:

- a. Establecer o conxunto de criterios e normas que orienten e regulen os procesos de asentamento no territorio das distintas actividades económicas e sociais dos axentes públicos e privados que operen no territorio.
- b. Construír o marco xeral de referencia para a formulación dos restantes instrumentos de ordenación territorial, así como dos plans de ordenación previstos na lexislación urbanística, e para a formulación e execución das distintas políticas sectoriais da comunidade, ao que se deberán acomodar os plans, programas e accións con incidencia no territorio que poidan desenvolver as administracións públicas de carácter autonómico ou local, co fin de garantir unha axeitada coordinación e compatibilización de todas elas.
- c. Subministrar as previsións e criterios básicos que vaian actuar como marco de referencia para a formulación das políticas sectoriais, así como

para a programación dos recursos das administracións públicas que deban aplicarse no territorio da Comunidade autónoma.

- d. Propoñer as accións territoriais que requiran a actuación conxunta con outras Comunidades autónomas e restantes administracións públicas, ofrecendo as bases suficientes para celebrar os convenios ou acordos de colaboración que resulten necesarios.

## 5.2. OBXECTIVOS XERAIS

Recollendo estas obrigas normativas, as DOT pretenden configurar un instrumento co que orientar os procesos de planificación e guiar aquelas intervencións que teñan incidencia no territorio, suscitando iniciativas e establecendo normas que serán completadas con instrumentos específicos para ordenar os procesos de desenvolvemento que se dan no territorio.

Para conseguilo, as DOT establecen os seguintes obxectivos con carácter xeral:

- Achegar unha configuración e unhas iniciativas territoriais que permitan impulsar o proceso de cambio cara a unha nova etapa de desenvolvemento.
- Lograr unha maior integración de Galicia cós ámbitos que lideran o desenvolvemento europeo e aproveitar as oportunidades asociadas a unha localización singular na fachada atlántica europea.



- Contribuír á consolidación da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal e afianzar o protagonismo de Galicia na plataforma atlántica para crear un ámbito de centralidade e desenvolvemento no noroeste peninsular.
- Establecer os ámbitos metropolitanos de planificación e programación de infraestruturas, equipamentos e servizos para optimizar a súa oferta e racionalizar os procesos de desenvolvemento urbano e económico destes espazos.
- Potenciar as principais áreas urbanas de Galicia, reforzando os seus diferentes perfís e artellar un sistema policéntrico de cidades coa fortaleza necesaria para liderar os procesos de desenvolvemento e innovación.
- Consolidar unha rede de vilas capaces de dotar dunha adecuada base urbana e de servizos ao conxunto do territorio.
- Impulsar procesos de difusión que dinamicen as áreas con menor peso demográfico.
- Establecer criterios para a consideración do medio físico nas iniciativas urbanísticas e sectoriais.
- Achegar referencias para o desenvolvemento de infraestruturas e equipamentos con criterios supramunicipais orientadas a apoiar unha configuración que vertebre e articule a totalidade do territorio.
- Proporcionar criterios territoriais para a elaboración de Plans e Proxectos sectoriais e configurar as características dos Plans territoriais integrados.
- Achegar referencias para o desenvolvemento do parque de vivendas e dos solos de actividade de forma coherente co modelo territorial, con criterios de sustentabilidade, eficacia e consumo racional dos recursos.
- Activar procesos de renovación e dinamización de espazos deteriorados ou en declive e de ámbitos singulares como os centros históricos e os núcleos rurais.
- Orientar axeitadamente os procesos de cambio no solo rústico de Galicia configúrase como un dos grandes retos territoriais para o futuro da Comunidade.
- Manter o carácter e a calidade do patrimonio ambiental, paisaxístico e cultural do territorio, harmonizando conservación e desenvolvemento, o

que é un obxectivo fundamental para lograr un crecemento adecuado e sostible.

- Considerar cunha visión integrada as actuacións no territorio e o uso intelixente da tecnoloxía para lograr unha xestión racional dos recursos naturais e a riqueza cultural de Galicia.
- Identificar as claves para a ordenación territorial que favorezan o impulso da economía e o emprego.
- Pular por un desenvolvemento socioeconómico equilibrado.
- Promover a cohesión social garantindo a accesibilidade a un nivel axeitado de servizos e oportunidades.
- Orientar os usos do solo de maneira racional en consonancia coas funcionalidades que lles sexan propias.
- Integración de políticas sectoriais con incidencia territorial.
- Desenvolver o potencial urbano e produtivo do territorio, harmonizando as esixencias socioeconómicas coas ecolóxicas e culturais.
- Reforzar a cohesión económica e social entre territorios, garantindo uns niveis de calidade de vida equivalentes para o conxunto da poboación.
- Paliar o abandono de núcleos de interese a través dunha serie de medidas que favorezan a súa promoción socioeconómica e a rehabilitación urbana do seu patrimonio.

### 5.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Paralelamente aos obxectivos xerais, establécense unha serie de obxectivos específicos para os elementos estratéxicos identificados na diagnose inicial do territorio (entre os que figuran todos os establecidos no Documento de Referencia da Avaliación ambiental estratéxica) e que permiten incorporar dende os primeiros momentos da planificación, as consideracións relativas ás variables da sustentabilidade.

A continuación enuméranse estes obxectivos específicos agrupando os que se refiren aos elementos estratéxicos e os que fan referencia ás variables de sustentabilidade ambiental.

### 5.3.1 Elementos estratéxicos

#### A. Paisaxe

- Configurar a paisaxe como elemento integrador das políticas de ordenamento territorial e urbanístico e de protección ambiental.
- Contribuír á conservación e recuperación de espazos, paisaxes e elementos que favorezan a calidade paisaxística.
- Garantir o mantemento dos trazos paisaxísticos e xeomorfolóxicos do territorio con especial atención aos elementos singulares de interese xeolóxico, morfolóxico ou paleontolóxico existentes.

#### B. Patrimonio natural e cultural

- Garantir unha adecuada conservación que posibilite a valorización das áreas de interese natural e os recursos patrimoniais de Galicia.
- Crear as condicións para que a conservación do patrimonio natural e cultural de Galicia se xustifique polas funcións e beneficios que xera a súa valorización.
- Contribuír á conservación e recuperación de espazos e elementos de interese natural e cultural.
- Favorecer a integridade funcional dos sistemas naturais e a conectividade ecolóxica.
- Establecer criterios para a adecuación das actividades que se localizan no territorio á capacidade de acollida de cada espazo.
- Facilitar unha permeabilidade do territorio ambientalmente compatible, que permita o aproveitamento colectivo.

#### C. Socioeconomía

##### 1. Produción de alimentos

###### Agricultura e gandería

- Facilitar a ampliación da base territorial das explotacións que o precisen e proporcionar superficie agraria útil.

- Aproveitar os recursos con potencial agrogandeiro, como base dunha produción alimentaria de calidade e fonte de recursos fundamental no medio rural.

###### Pesca e acuicultura

- Consolidar a competitividade das zonas pesqueiras.
- Facilitar a diversificación de actividades económicas na costa.
- Protexer o medio natural das zonas de pesca, co fin de manter o seu atractivo, rexenerar e desenvolver as zonas costeiras protexendo e mellorando o seu patrimonio natural e arquitectónico.

##### 2. Aproveitamento forestal

- Favorecer o establecemento de modelos de xestión forestal sustentables e de calidade que aproveiten a riqueza diversa do monte galego.

##### 3. Solo empresarial

- Establecer criterios de localización e de características dos espazos produtivos que permitan maximizar a súa eficacia para a atracción de actividades, e para a competitividade das empresas da Comunidade.
- Mellorar a oferta incidindo na rehabilitación dos espazos existentes, a adaptación ás demandas e potencialidades de cada ámbito territorial e a busca de localizacións compatibles coa calidade dos ámbitos urbanos e do medio natural.
- Xerar novos espazos de actividade axeitados ás demandas creadas polas novas actividades terciarias como elementos de grande incidencia na calidade, no atractivo urbano e na competitividade territorial da Comunidade.
- Fixar as bases para unha administración racional da superficie industrial de Galicia, axustando a dispoñibilidade de solo á demanda existente e ás condicións do mercado.

##### 4. Turismo

- Valorizar os abundantes recursos naturais e patrimoniais como elemento fundamental do desenvolvemento turístico sustentable.

- Fomentar a diversificación de actividades no rural a través do aproveitamento do potencial do turismo ecolóxico.

## 5. Equipamentos e servizos básicos

- Articular unha rede de atención eficiente ás necesidades persoais, sociais e familiares de toda a cidadanía e a veciñanza de Galicia.
- Coordinar o investimento público en infraestruturas, equipamentos e servizos básicos.

### 5.3.2 Variables de sustentabilidade ambiental

#### A. Atmosfera

- Minimizar os efectos das emisións contaminantes nocivas, tanto para o medio como para a saúde das persoas.

#### B. Ciclo hídrico

- Potenciar e favorecer o uso eficiente da auga e a optimización das infraestruturas de abastecemento e saneamento.
- Promover o mantemento da calidade dos recursos hídricos, e no caso das masas de auga deterioradas, pular pola mellora do seu estado.
- Protexer as masas de auga destinadas á captación co obxectivo de evitar a deterioración da súa calidade, con especial atención á definición dos caudais ecolóxicos.

#### C. Enerxía

- Pular por garantirle a subministración enerxética de calidade a toda a cidadanía en todo o territorio.
- Reducir o consumo enerxético en termos globais e de intensidade enerxética.
- Favorecer a diversificación das fontes de aprovisionamento enerxético, de xeito que se intensifiquen os esforzos tendentes a un maior aproveita-

mento dos recursos autóctonos e, en especial, de fomento das fontes de enerxía renovables.

#### D. Xestión de residuos

- Contribuír á xestión eficiente dos residuos; favorecendo a minimización da súa xeración e produción.
- Favorecer a posibilidade da execución de modelos de xestión complementarios de sistemas de recollida e tratamento en función das características do territorio.

#### E. Cambio climático

- Contribuír ao cumprimento dos obxectivos establecidos no Protocolo de Kyoto e a outros acordos internacionais, estatais e autonómicos.
- Favorecer a adaptación para os efectos previsibles derivados do cambio climático.

#### F. Mobilidade

- Pular pola redución das necesidades de mobilidade, a mellora da accesibilidade e o equilibrio modal.
- Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.
- Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.
- Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

# 6

## Análise das alternativas

*Para acadar os obxectivos das DOT poden existir múltiples opcións que se poden plasmar en diferentes alternativas. Defínense a continuación as alternativas máis viables establecendo previamente un marco que permita a súa valoración e comparación e que, ante un planeamento da relevancia e complexidade como son as DOT, se manteñan o suficientemente sintéticas para facer operativo o proceso.*

### 6.1. MARCO DE COMPARACIÓN DE ALTERNATIVAS

Para acadar os obxectivos das Directrices de ordenación do territorio existen múltiples opcións que, á súa vez, poden ser plasmadas en diferentes alternativas de moi diversa índole, profundidade e nivel de detalle. É por isto que resulta imprescindible establecer un marco común, adaptado á escala propositiva das DOT, que posibilite a identificación de características comparables entre as distintas alternativas propostas. Este marco de referencia común debe permitir unha comparación efectiva entre as innumerables alternativas que se poderían establecer para a actuación sobre cada un dos efectos e das variables relacionadas coa ordenación do territorio.

Atenderase ás intencións declaradas e asumirase o carácter global e multisectorial que debe enmarcar a formulación de propostas para establecer as directrices para unha ordenación sustentable do territorio.

Coa finalidade de poder establecer pautas espaciais para o asentamento de actividades en Galicia de acordo cunhas políticas sociais, económicas e culturais adaptadas ás constantes evolucións da sociedade galega, a comparación entre alternativas virá marcada por catro elementos, que son: o nivel de detalle, a adaptabilidade, a coherencia transversal e a interdisciplinabilidade das proposicións.

- Nivel de detalle. A ordenación territorial conta con moitas ferramentas con cadanseu nivel de detalle para conseguir a máxima eficiencia e eficacia sobre a ordenación dos valores que se tratan de potenciar. No caso das DOT e nos instrumentos para un planeamento máis global este nivel de detalle non é unha fronteira nítida, senón máis ben un rango dentro do cal é preciso identificar o nivel de detalle máis axeitado.
- Adaptabilidade. É preciso garantir unha adaptabilidade abordada dende dúas perspectivas, unha administrativa (atendendo ás diferentes competencias sobre o territorio) e outra máis territorial (considerando a complexidade variable das forzas que actúan sobre cada espazo territorial concreto).
- Coherencia transversal. Referida á necesidade de que as determinacións que se establezan poidan ser consideradas e aplicables sobre planeamentos estratéxicos sectoriais.
- Coherencia en fervenza. Atendendo á necesidade de establecer unha referencia que se desenvolva e implante de forma coherente a través de distintas escalas de planeamento que executen estas directrices.



5.1.1. Paisaxe litoral do concello de Carnota

## 6.2. VALORACIÓN DE ALTERNATIVAS

A continuación preséntanse as alternativas consideradas no proceso de elaboración das DOT. Para a súa valoración tivéronse en conta dous factores fundamentalmente:

- A efectividade, considerando as pautas de valoración comúns de cara á consecución dos obxectivos xerais das DOT.
- A eficiencia, considerando a facilidade ou dificultade de incorporación en cada unha das alternativas dos criterios para cada unha das principais variables de sustentabilidade.

### 6.2.1 Alternativa 0. Evolución previsible en ausencia de planeamento

A inexistencia dun instrumento que plasme un modelo territorial global para Galicia dificulta a plasmación eficiente e coherente das actuacións sectoriais e a realización de políticas sobre o territorio.

Non contar coas referencias territoriais necesarias para un desenvolvemento de acordo cuns obxectivos estratéxicos comúns ten como resultado que a evolución da ordenación do territorio se veña producindo a través do sumatorio das ordenacións de rango inferior que non consideran suficientemente as interaccións e sinerxías, tanto positivas como negativas, entre distintos planeamentos sobre un mesmo territorio, o cal se define e analiza en función de límites administrativos.

Na situación actual de ausencia dunhas directrices estratéxicas para o conxunto de Galicia, a ordenación territorial galega defínese como resultado da acumulación das consecuencias e efectos do planeamento de ordenación municipal e os distintos planeamentos sectoriais.

A flexibilidade deste modelo territorial involuntario vén limitada pola escala de traballo que considera un territorio administrativo (caso dos concellos) ou sectorial (caso dos planeamentos sectoriais), moi concreto no que non é posible identificar efectos acumulativos e sinerxías a escala de Galicia ou dende unha perspectiva multisectorial.

Non existindo unhas directrices estratéxicas, o planeamento sectorial (administración autonómica) e o planeamento territorial (administración local) están traballados a escalas diferentes, co que non é fácil conxugar e establecer unha coherencia transversal entre procesos de planificación.

Esta carencia tamén dificulta a posibilidade de establecer unha coherencia nos procesos de planeamento en ferverza dende uns obxectivos globais e estratéxicos para o conxunto da sociedade galega até o planeamento territorial de detalle.

	Nivel de detalle	Adaptabilidade		Coherencia transversal	Coherencia en ferverza
		Admon.	Territorial		
Alternativa 0	+	-	+	-	-

Ao respecto da integración dos criterios de sustentabilidade establecidos no Documento de Referencia para a Avaliación ambiental estratéxica, a Alternativa 0 ten demostrado non considerar suficientemente os criterios establecidos sobre as variables de sustentabilidade, polos mesmos motivos que se veñen de comentar, e que fan que a ausencia dunhas directrices globais para o planeamento territorial traia como resultado efectos imprevistos sobre todas as variables da sustentabilidade, independentemente ademais dos efectos sinérxicos e acumulativos.

	Ocupación do Territorio	Paisaxe	Patrimonio Natural e Cultural	Sociedade Economía	Atmosfera	Ciclo Hídrico	Enerxía	Xestión de Residuos	Cambio Climático	Mobilidade
Integración dos criterios de sustentabilidade establecidos no documento de referencia	-	-	-	-/+	-	-	-	-	-	-

### 6.2.2 Alternativa 1. Ordenación de detalle

Á hora de afrontar a ordenación do territorio de Galicia, unha primeira alternativa que se pode imaxinar é a de establecer unhas determinacións de detalle máximo que organicen e regulen todo o territorio galego en función duns obxectivos.

É preciso considerar que, se ben o nivel de detalle que se acadaría a través desta opción sería máximo, o desenvolvemento dunha perspectiva global para chegar a tal concreción implicaría necesariamente unha perda de capacidade para se adaptar a diversas realidades e especificidades de detalle.

Esta ordenación en detalle tampouco facilitaría o establecemento de determinacións ao mesmo nivel que as territoriais e urbanísticas para os futuros planeamentos estratéxicos sectoriais.

Se ben existe esta limitación no tocante á coherencia transversal, a coherencia en ferverza quedaría garantida no que se refire ao planeamento territorial e urbanístico. Porén a adaptabilidade administrativa dunhas DOT que opten por unha ordenación en detalle podería estar a invadir competencias que non lle son propias, xa que distintos niveis de planeamento atenden a distintos niveis de competencia. Aínda máis, tendo en conta o dito anteriormente, tampouco é que resultase interesante chegar a este nivel de determinacións, por ben da flexibilidade que se perde á hora de considerar e integrar uns obxectivos locais lexítimos.

Porén, polo que se refire á integración dos criterios de sustentabilidade establecidos no documento de referencia, compre dicir que un planeamento e ordenación urbanística centralizados posibilitaría considerar todos estes criterios ao mesmo nivel para toda Galicia, considerando ademais as sinerxías entre efectos, así como a súa acumulación sobre o territorio.

Integración dos criterios de sustentabilidade establecidos no documento de referencia	Ocupación do Territorio	Paisaxe	Patrimonio Natural e Cultural	Sociedade Economía	Atmosfera	Ciclo Hídrico	Enerxía	Xestión de Residuos	Cambio Climático	Mobilidade
	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+

	Nivel de detalle	Adaptabilidade		Coherencia transversal	Coherencia en ferverza
		Admon.	Territorial		
Alternativa 1	+	-	+/-	-	+

### 6.2.3 Alternativa 2. Ordenación de modelo territorial

Esta alternativa, que ordena a través do modelo territorial, establece unha pauta de ordenamento global na definición dunhas características definitivas do modelo territorial que se pretende para Galicia. Porén, non establece o mecanismo de translación dese modelo até as instancias e figuras de planeamento correspondentes que vaian desenvolver estas DOT.

Isto favorece enormemente unha utilización flexible da ferramenta para as distintas administracións responsables da execución do modelo territorial, porén unha caracterización xenérica do territorio leva consigo a perda dunha perspectiva local en canto a potenciais recursos e obxectivos propios.

O establecemento dun modelo territorial deixa unha gran marxe de manobra aos distintos planeamentos sectoriais e o mesmo ocorre cos planeamentos en ferverza co que a coherencia, tanto transversal como en ferverza ofrece unha fiabilidade moi maleable en función de determinadas propostas sectoriais ou en ferverza.

	Nivel de detalle	Adaptabilidade		Coherencia transversal	Coherencia en ferverza
		Admon.	Territorial		
Alternativa 2	+/-	+	-	+/-	+/-

A respecto da eficacia ambiental, esta alternativa de ordenación a través do establecemento dun modelo territorial global, permite establecer grandes pautas xenéricas que incorporarían criterios sobre as variables máis globais como son a ocupación do territorio e a mobilidade.

Outras variables que poderían considerarse co mesmo carácter global (a paisaxe, o patrimonio natural e cultural, a socioeconomía ou o cambio climá-

tico) poden ser moi afectadas en función de decisións dentro do marco de referencia establecido no modelo territorial.

Esta marxe incrementase aínda máis sobre os efectos que se poden producir sobre a enerxía, o ciclo hídrico, a atmosfera ou a xestión de residuos, xa que o modelo territorial non entra directamente neles e traslada a súa consideración ás consideracións que se fagan no correspondente e moi diverso planeamento de desenvolvemento das DOT.

Integración dos criterios de sustentabilidade establecidos no documento de referencia	Ocupación do Territorio	Paisaxe	Patrimonio Natural e Cultural	Sociedade Economía	Atmosfera	Ciclo Hídrico	Enerxía	Xestión de Residuos	Cambio Climático	Mobilidade
	+	+/-	+/-	+/-	-	-	-	-	+/-	+



### 6.2.4 Alternativa 3. Ordenación dinámica

Da conxunción das alternativas presentadas até o momento xorde esta alternativa de ordenación territorial dinámica. Baseada na complementariedade das anteriores, fórmulase unha proposta mixta que atende á necesidade da definición dun marco de referencia global cuns obxectivos e criterios comúns para Galicia, e posibilita a execución deste marco no planeamento sectorial, mais tamén no planeamento de rango inferior a estas DOT. Para isto establece unha serie de criterios estratéxicos comúns sobre as variables clave da sustentabilidade que deberán ser executados no deseño dos plans que desenvolvan estas DOT.

Sen chegar a un nivel de detalle máximo no que se refire ao ordenamento, esta opción ofrece flexibilidade para se adaptar ás características particulares de cada ámbito respectando a competencia administrativa para tomar decisións dentro dun marco de referencia global.

Este marco de referencia global establece determinacións en forma de criterios sobre unha serie de variables estratéxicas clave para Galicia. Traballar sobre variables en lugar de ámbitos de actuación favorece a coherencia transversal dos plans sectoriais que se desenvolvan ao abeiro destas DOT, ao mesmo tempo que leva consigo a consecución dunha coherencia en ferverza.

	Nivel de detalle	Adaptabilidade		Coherencia transversal	Coherencia en ferverza
		Admon.	Territorial		
Alternativa 3	+/-	+	+	+	+

Dentro da flexibilidade que esta alternativa posibilita, o feito de establecer criterios en función das variables estratéxicas identificadas, permite que estas DOT fagan seus os criterios de sustentabilidade para a avaliación ambiental

estratéxica e garanta a súa integración e dos propios que lles correspondan en todo o planeamento de ordenación territorial e sectorial que desenvolvan estas DOT.

Integración dos criterios de sustentabilidade establecidos no documento de referencia	Ocupación do Territorio	Paisaxe	Patrimonio Natural e Cultural	Sociedade Economía	Atmosfera	Ciclo Hídrico	Enerxía	Xestión de Residuos	Cambio Climático	Mobidade
	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+



### 6.3. XUSTIFICACIÓN DA ALTERNATIVA SELECCIONADA

A través dunha valoración inicial da eficacia e eficiencia de cada alternativa prevista para as Directrices de ordenación do territorio selecciónase a Alternativa 3 como opción máis axeitada para a consecución dos obxectivos previstos e ao respecto da integración dos criterios que tratan de salvagardar os valores da sustentabilidade que, en definitiva, se trata de protexer e potenciar.

Como xa se comentou na súa descrición, a alternativa de ordenación dinámica xorde da conxunción das posibilidades das demais alternativas para configurar unha proposta que garante a consecución dos obxectivos das DOT a través da coherencia transversal e de ferverza, que posibilita a súa capacidade para se adaptar a realidades territoriais específicas e ámbitos de planificación diversos.

Pola banda da eficiencia ambiental, a proposta de ordenación dinámica incorpora os criterios establecidos para as variables de sustentabilidade en todo o planeamento que se deseña ao abeiro destas DOT.

Para reforzar a explicación da selección da Alternativa 3 de Ordenación dinámica, preséntanse a continuación, de forma moi resumida, os motivos fundamentais polos que cada unha das outras propostas foron rexeitadas:

- *Alternativa 0. Evolución previsible en ausencia de ordenación.* Supón a continuación cun modelo de acción non coordinada, e diversas actuacións territoriais que non contan cun marco de referencia común, polo que perden parte do seu potencial ao non aproveitar as sinerxías positivas existentes entre elas.
- *Alternativa 1. Ordenación de detalle.* A pesar do resultado que se podería acadar ao respecto das variables para a sustentabilidade territorial de Galicia, a inxerencia que suporía sobre o propio esquema de planeamento en ferverza faina inaplicable. A pesar do importantísimo nivel de recursos e tempo que requiriría esta opción, tanto dende o punto de vista formal como operativo, nunca se chegaría ao nivel de coñecemento e detalle que se gaña dende a perspectiva da adaptación dos obxectivos locais á realidade de cada ámbito.
- *Alternativa 2. Ordenación de modelo territorial.* A gran marxe de manobra que permite aos distintos planeamentos sectoriais dificulta que se poida garantir un nivel de coherencia global do planeamento galego con incidencia territorial. Ademais, respecto da eficiencia ambiental, a flexibilidade que ofrece unha proposta de modelo perde incidencia sobre as consideracións que se poderían facer nunha alternativa de máis detalle.



5.3.1. Vista panorámica da Ría de Ferrol. Concello de Fene

#### 6.4. CADROS RESUMO DA VALORACIÓN DA EFICACIA E EFICIENCIA DE CADA UNHA DAS ALTERNATIVAS NA CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS DAS DOT DE GALICIA

	Nivel de detalle	Adaptabilidade		Coherencia transversal	Coherencia en ferverza
		Admon.	Territorial		
Alternativa 0	+	-	+	-	-
Alternativa 1	+	-	+/-	-	+
Alternativa 2	+/-	+	-	+/-	+/-
Alternativa 3	+/-	+	+	+	+

Integración dos criterios de sustentabilidade establecidos no documento de referencia	Ocupación do Territorio	Paisaxe	Patrimonio Natural e Cultural	Sociedade Economía	Atmosfera	Ciclo Hídrico	Enerxía	Xestión de Residuos	Cambio Climático	Mobidade
	Alternativa 0	-	-	-	-/+	-	-	-	-	-
Alternativa 1	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+
Alternativa 2	+	-/+	-/+	-/+	-	-	-	-	-/+	+
Alternativa 3	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+

# 7

## Identificación e caracterización de efectos

*Nesta epígrafe identifícanse e analízanse os posibles efectos estratéxicos da alternativa seleccionada sobre cada unha das variables de sustentabilidade.*

A partir das variables identificadas no diagnóstico, entre as que figuran as recollidas no Documento de Referencia, identifícanse unha serie de efectos previsibles da ordenación do territorio como resultado da reflexión sobre as oportunidades e riscos que debe considerar o modelo territorial a prol de acadar un desenvolvemento sustentable.

A continuación preséntase un resumo das anteditas reflexións acerca dos efectos previsibles, concluíndo coa identificación dos aspectos clave que deben ser especialmente considerados na valoración da afección sobre cada variable da sustentabilidade.

### 7.1. OCUPACIÓN DO TERRITORIO

A porcentaxe de superficie dedicada a cada tipo de uso de solo é unha representación directa de cada modelo de desenvolvemento e da calidade da relación co medio. A valorización dos recursos alí onde se atopan leva consigo un maior grao de eficiencia territorial ao dedicar cada espazo á funcionalidade para a que é máis rendible. Así por exemplo, unha colonización e ocupación de espazos agrarios leva consigo a degradación e perda de solo produtivo, desprazando a actividade agraria cara a terreos con menor capacidade, e polo tanto menor rendemento.

A ocupación de zonas que presentan riscos naturais ou tecnolóxicos incrementa o risco de danos materiais e humanos. Ademais da perspectiva da ocupación, a maneira de xestionar certas actividades nun territorio tamén inflúe nos riscos.

A expansión difusa dos asentamentos humanos provoca unha enorme presión sobre o territorio e os seus recursos naturais, xerando novas necesidades que para ser atendidas acentúan exponencialmente todos os efectos sobre o medio.

Optar pola construción de novas infraestruturas de transporte para atender ás necesidades de mobilidade e accesibilidade representa a ocupación de máis espazo, consumo de máis enerxía e máis materiais. Afrontar os pro-



6.2.1. Panorámica da enseada de San Simón desde Redondela

blemas de mobilidade exclusivamente dende a perspectiva da oferta supón entrar nunha dinámica na que a construción de novas redes son precursoras de novos asentamentos urbanos e industriais que á súa vez poden demandar máis ampliacións, e con iso a ocupación de espazos cada vez maiores, ocasionando unha maior fragmentación e implicando un maior consumo enerxético, de materiais e o incremento das emisións de gases de efecto invernadoiro e ruído.

En definitiva, partindo destas reflexións considérase que os aspectos clave sobre os que é previsible que a ordenación do territorio teña efectos son:

- Calidade do solo.
- Competitividade económica.
- Vocacionalidade dos ámbitos.
- Consumo enerxético.
- Consumo de recursos hídricos.
- Necesidades de mobilidade.
- Fragmentación do territorio.
- Emisión de contaminantes e GEI.
- Xeración de residuos.
- Exposición a riscos naturais e tecnolóxicos.

## 7.2. PAISAXE, PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL

A superficie natural é fundamental para o conxunto de Galicia, tendo en conta que abarca as zonas que presentan mellores características de conservación e funcionalidade dos ecosistemas. Pola súa parte o patrimonio cultural supón un potencial para o desenvolvemento da identidade. E a paisaxe representa a relación co medio como a síntese global das interaccións que nel se producen.

A identificación destes espazos e das áreas de interese natural como elementos clave para a conservación da biodiversidade e o subministro de servizos ambientais facilita a súa consideración no resto de planificación sectoriais, favorecendo a conservación destes importantes valores. Porén é preciso interiorizar que a conservación destes espazos depende en gran parte do que se faga fóra deles de forma que a xestión do territorio no seu conxunto ten unha gran responsabilidade á hora de favorecer ou poñer en perigo o seu futuro.

A consideración desas áreas con valores naturais como superficies homoxéneas pode dar lugar a unha interpretación simplista da realidade dos ecosistemas. Isto é evitable realizando unha zonificación segundo

usos e actividades permisibles de acordo co obxectivo de asegurar a conservación dos valores naturais.

De igual xeito a identificación das paisaxes e a súa consideración na ordenación do territorio pode contribuír a evitar a súa deterioración, considerando as consecuencias negativas da expansión de edificios e infraestruturas con baixo grao de integración así como dos cambios nos usos do solo.

A construción de infraestruturas para canalizar os fluxos entre os asentamentos do modelo territorial (transporte, enerxía, materiais, auga, coñecemento) pode dar lugar a un incremento da fragmentación de hábitats e a un efecto barreira.

Especialmente, a proliferación de estradas produce a redución da superficie dos hábitats ou o seu illamento, ao resultar imposible para a fauna atravesar as barreiras que as vías lles impoñen, dando lugar á perda de especies.

No relativo aos elementos do patrimonio cultural a súa protección e valorización depende en gran parte dunha correcta identificación así como do establecemento duns perímetros de protección axeitados, de tal modo que poidan quedar a salvo da alteración consecuencia dos procesos de expansión urbanística.

A respecto da natureza, a paisaxe e o patrimonio cultural considéranse que os aspectos clave con efectos previsibles son:

- Conservación do patrimonio natural e cultural.
- Integración paisaxística.
- Fragmentación do territorio.
- Calidade de vida.
- Vocacionalidade dos ámbitos.

### 7.3. SOCIOECONOMÍA

A ordenación do territorio ten un grande impacto no grao de competitividade e no desenvolvemento económico equilibrado dunha rexión, podendo mellorar ou empeorar atendendo aos criterios elixidos tanto na elección de actividades e xestión dos procesos como tamén no que se refire á localización dos usos produtivos.

Un modelo dependente de poucos sectores económicos resulta menos estable e capaz de adaptarse a situacións de crise. Por contra, un modelo de base económica diversificada que pode facer fronte á evolución socioeconómica mediante a complementariedade e sinerxías dos diferentes sectores existentes.

O desenvolvemento económico tende a concentrarse na armazón urbana, gañando cada vez máis peso económico con respecto ás áreas rurais en canto a contribución na xeración de emprego e renda. Centrar a atención neste sistema de cidades pode dificultar a consecución dos obxectivos de cohesión social, igualdade de oportunidades e agravar o desequilibrio territorial en relación coas áreas rurais.

O reforzo de actividades económicas baseadas no aproveitamento dos recursos endóxenos pode beneficiar as poboacións locais en termos de incremento de emprego e renda que contribuirían directamente ao fomento dun desexable reequilibrio territorial.

Pola súa banda, as actividades frecuentes do medio rural teñen unha grande importancia dende o punto de vista espacial. Ditas actividades son clave no mantemento de paisaxes, ecosistemas e especies, así como no subministro de recursos, porén existe o perigo do seu abandono por unha menor consideración debido á súa menor contribución económica.

Os espazos de interese natural atópanse nunha situación similar ao se encontrar nun estado de escasa xeración de plusvalía económica. Porén, non



6.3.1. Vigo

se debería esquecer a súa imprescindible contribución como fonte de recursos e garante da calidade de vida e a saúde.

A ordenación do territorio ten un papel clave no fomento da inclusión social e territorial a través da promoción da igualdade de oportunidades e da equidade no acceso dos cidadáns aos servizos públicos, favorecendo a mellora da calidade de vida das persoas.

A mellora das telecomunicacións e a potenciación do acceso a servizos especializados por parte de cidadáns e empresas do medio rural a través do uso das Tecnoloxías da información e a comunicación supón unha diminución das desvantaxes derivadas dunha posición afastada das áreas urbanas.

Noutro aspecto, cabe salientar o risco do fomento de estilos de vida non adaptados ás condicións do contorno e baseados nunha densidade de servizos, equipamentos e dotacións seguindo patróns establecidos para os medios máis urbanos, especialmente nos asentamentos máis dispersos e afastados das cidades, podendo dar lugar a un excesivo consumo de recursos e degradación ambiental.

A natureza das directrices como instrumento integrador facilita o deseño dunha estratexia que considere de forma global a gran diversidade de sectores, os efectos previsibles da ordenación e as medidas necesarias para facer fronte ou potenciar ditos efectos, sen verse acoutado pola estrutura e reparto competencial das administracións. Unha vez deseñada a estratexia, a súa realización dependerá de distintos departamentos da Xunta, así como doutras administracións provinciais e locais, polo que se corre o risco de que a segregación administrativa dificulte a consideración conxunta da ordenación.

En definitiva, partindo destas reflexións considérase que os efectos previsibles se centrarán sobre os seguintes aspectos clave:

- Competitividade económica.
- Equilibrio do desenvolvemento económico.
- Conservación do patrimonio natural e cultural.
- Cohesión social.
- Calidade de vida da poboación.
- Gobernanza.
- Vocacionalidade dos ámbitos.



#### 7.4. ATMOSFERA

Todos os sectores de produción e unha gran parte das actividades garante a calidade de vida das persoas teñen incidencia sobre as emisións atmosféricas. A ordenación do territorio, a través da distribución de usos inflúe nas necesidades de transporte, e polo tanto pode influír no incremento da xeración de emisións.

No sector residencial, o planeamento urbanístico ten un papel importante tanto no que se refire á orixe das emisións como á capacidade de dispersión dos contaminantes, condicionando os niveis de exposición aos que se ven sometidos os cidadáns e que dependen en boa medida de criterios de deseño urbano.

No tocante ás actividades agrogandeiras as emisións están relacionadas co parque de tractores e grao de motorización, a facenda gandeira e a xestión das explotacións gandeiras.

En definitiva, partindo destas reflexións considéranse aspectos clave:

- Calidade do aire.
- Calidade de vida.

#### 7.5. CICLO HÍDRICO

A ordenación do territorio e das actividades económicas incide directamente nos usos da auga, e polo tanto, na calidade dos recursos hídricos, no mantemento da biodiversidade, nas necesidades de abastecemento e saneamento, e mesmo no risco de asolagamento.

Á súa vez, a dispoñibilidade de recursos hídricos inflúe no desenvolvemento territorial, limitando o crecemento cando se alcanzan niveis superiores aos de servizo, non podendo proporcionar máis auga.

Os servizos de abastecemento e saneamento atópanse intimamente ligados, unha infradotación no saneamento ten consecuencias directas sobre a calidade dos recursos hídricos, o que diminúe a súa dispoñibilidade nas condicións que se requiren para o abastecemento.

No tocante á contaminación, cabe destacar o caso dos nitratos, que teñen a súa orixe nas verteduras líquidas urbanas, na aplicación inadecuada ou abusiva de fertilizantes e na infiltración en estabulacións gandeiras.

En definitiva, partindo destas reflexións considéranse aspectos clave:

- Calidade da auga.
- Conservación do patrimonio natural e cultural.
- Consumo de recursos hídricos.
- Competitividade económica.
- Calidade de vida.





6.6.1. Parque eólico en Camariñas. Costa da Morte

## 7.6. ENERXÍA

O modelo territorial pode dar lugar a un incremento nos consumos enerxéticos debido á entrada en funcionamento de novas infraestruturas e ao incremento da actividade económica, o que pode repercutir no incremento da dependencia enerxética do exterior de Galicia.

Os lugares onde se produce a enerxía están condicionados por compoñentes espaciais (existencia de recursos enerxéticos) e os patróns de distribución da poboación e de expansión urbana non sempre se atopan asociados á proximidade ou accesibilidade a estas fontes.

Do anterior derívanse dous tipos de efectos, os xerados nos ámbitos territoriais onde se produce a enerxía e os xerados pola transmisión da enerxía dos lugares onde se produce aos lugares onde é consumida.

Ambos os tipos de efectos están suxeitos á ordenación do territorio, e no caso dos asentamentos dispersos, proporcionar eficientemente servizos enerxéticos é complexo e o seu impacto ambiental elevado.

En definitiva, partindo destas reflexións considéranse que os aspectos clave sobre os que é previsible que a ordenación do territorio teña efectos son:

- Consumo enerxético.
- Calidade do aire.
- Emisións de contaminantes e GEI.
- Calidade do solo.
- Conservación do patrimonio natural e cultural.
- Integridade paisaxística.
- Competitividade económica.
- Calidade de vida.

## 7.7. XESTIÓN DE RESIDUOS

Pódese producir un incremento na xeración de residuos debido ao funcionamento de novas infraestruturas e ao incremento da actividade económica. O antedito incremento provocaría o aumento das necesidades de tratamento de residuos, dando lugar a novas infraestruturas en forma de plantas de tratamento e plantas de transferencia, incrementando o consumo de recursos (auga, enerxía e solo), as verteduras, a contaminación do solo e as emisións.

Deste xeito, a ordenación do territorio ten un papel clave á hora de minimizar os incrementos nas necesidades de transporte e no consumo enerxético da xestión de residuos a través da elección da localización das infraestruturas de tratamento atendendo a criterios de proximidade.

Asemade, a distribución dos núcleos de poboación condiciona os circuitos de recollida selectiva, afectando ás necesidades de transporte, consumo enerxético e emisións.

En definitiva, partindo destas reflexións considérase que os aspectos clave sobre os que é previsible que a ordenación do territorio teña efectos son:

- Xeración de residuos.
- Consumo enerxético.
- Necesidades de mobilidade.
- Emisións contaminantes e GEI.
- Competitividade económica.
- Calidade de vida.

## 7.8. CAMBIO CLIMÁTICO

O cambio climático representa unha das ameazas ambientais, sociais e económicas máis importantes que afectan ao planeta. Polo que se refire á ordenación do territorio, esta pode contribuír ao incremento das concentracións de GEI como resultado do incremento da demanda enerxética, das necesidades de transporte ou do apoio ao desenvolvemento de actividades empresariais e agrogandeiras.

No tocante á adaptación, incluír o coñecemento sobre os cambios nas variables do clima e, por ende, dos cambios das características dos ecosistemas na ordenación do territorio, constitúe unha boa forma de diminuír os riscos derivados destes cambios.

Neste sentido, exemplo da relación entre a ordenación do territorio e a capacidade de adaptación dun territorio a efectos do cambio climático, vese que a localización de edificacións podería condicionar a supervivencia dalgúns ecosistemas. O previsible incremento do nivel do mar propiciaría os procesos de erosión nas praias e a migración dos sistemas dunares e marismas cara ao interior, alí onde non existan edificacións ou barreiras.

Dende o punto de vista económico, a consideración dos efectos do cambio climático pode dar lugar ao aproveitamento de novas condicións que propicien o impulso de certos sectores. Así, para o turismo a “mellora da climatoloxía” e a conseguinte prolongación da temporada estival, menos choivas e máis temperatura, induciría un incremento nas visitas e na duración destas. No lado oposto estarían os sectores que se poidan ver afectados negativamente. Referente á pesca, observouse un descenso da biomasa de peixes e de capturas. De continuar o incremento da temperatura da auga superficial nos caladoiros, pódese esperar un descenso dun 1,3% no rendemento económico.

En definitiva, partindo destas reflexións considéranse aspectos clave:

- Emisións de GEI.
- Exposición a riscos.
- Competitividade económica.
- Calidade de vida.

## 7.9. MOBILIDADE

A ordenación do territorio ten unha influencia directa sobre as necesidades de transporte de persoas e de mercadorías. Nas opcións elixidas para dar resposta a estas novas necesidades pódense seleccionar distintas alternativas con importantes efectos sobre moitas das variables que están a ser consideradas.

Un territorio altamente dependente do uso do vehículo privado tende á saturación da rede de estradas e a través de respostas de xestión da oferta é previsible que se incremente a fragmentación de hábitats e a creación de barreiras, así como a emisión de gases á atmosfera, ámbitos expostos a niveis de ruído prexudiciais, número de accidentes e número de horas laborais perdidas en desprazamentos.

Pola súa banda, o desenvolvemento de infraestruturas que faciliten a intermodalidade desde o punto de vista dunha concepción integrada dos diferentes modos posibilitaría unha menor dependencia do vehículo privado.

En definitiva, partindo destas reflexións considéranse aspectos clave:

- Necesidades de mobilidade.
- Fragmentación do territorio.
- Emisión de contaminantes e GEI.
- Calidade de vida da poboación.
- Equilibrio do reparto modal.
- Competitividade económica.
- Cohesión social.



6.10.1. Paisaxe gandeira

## 7.10. CADRO RESUMO

A continuación preséntase unha táboa resumo na que se compilan os aspectos clave identificados en función da variable de sustentabilidade á que afectan de forma máis directa. Se ben no texto anterior se identifican aspectos clave directos e indirectos, esta simplificación a modo de cadro pretende facilitar a posterior análise de como as determinacións das DOT teñen incidencia sobre estes aspectos.

Para identificar as relacións entre os aspectos clave e as determinacións incluídas nas DOT, así como para caracterizalas, resulta de interese a confrontación detallada duns e outras, tal como se ofrece na seguinte táboa.

VARIABLE	ASPECTOS CLAVE
<b>Ocupación do territorio (OT)</b>	Calidade do solo
	Exposición a riscos naturais e tecnolóxicos
	Vocacionalidade dos ámbitos
<b>Paisaxe Patrimonio natural e cultura (PPNC)</b>	Integridade paisaxística
	Conservación do patrimonio natural e cultural
	Fragmentación do territorio
<b>Sociedade Economía (SE)</b>	Competitividade económica
	Equilibrio do desenvolvemento económico
	Cohesión social
	Calidade de vida da poboación
	Gobernanza
<b>Atmosfera (A)</b>	Calidade do aire
<b>Ciclo hídrico (CH)</b>	Calidade da auga
	Consumo de recursos hídricos
<b>Energía (En)</b>	Consumo enerxético
<b>Xestión de residuos (Re)</b>	Xeración de residuos
<b>Cambio climático (CC)</b>	Emisións de GEI
<b>Mobilidade (M)</b>	Necesidades de mobilidade
	Equilibrio no reparto modal

### 7.11. TÁBOAS DE IDENTIFICACIÓN DOS EFECTOS DAS DETERMINACIÓNS SOBRE OS ASPECTOS CLAVE\*

VARIABLES E ASPECTOS CLAVE COS QUE SE ANALIZARÁN AS MEDIDAS DAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO	OT			PPNC			SE				A	CH	En	Re	CC	M			
	Cal. S.	Voc. A.	Ris. N. T.	Integ. P.	Consv.	Frag. T.	Comp. E.	Eq. D. E.	Coh. S.	Cal. V. P.	Gob.	Cal. Ai.	Cal. Au.	Cons. R. H.	Cons. En.	Xer. Re.	Em. GEI	Nec. M.	Eq. Rp. Mo.
<b>DETERMINACIÓNS DAS DOT</b> (Determinacións excluíntes en negro e determinacións orientativas en gris)																			
<b>1. OBXECTIVOS XERAIS E ESTRUCTURA BÁSICA DO MODELO TERRITORIAL</b>																			
1.1. As Directrices proporcionan as referencias territoriais para a formulación das actuacións con incidencia territorial polo que as distintas administracións deberán axustarse ás súas determinacións.	+		+	+	+	●	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+
1.2. Estas referencias territoriais fórmulanse para acadar os seguintes obxectivos prioritarios:																			
a. Lograr unha maior integración de Galicia cós ámbitos que lideran o desenvolvemento europeo e aproveitar as oportunidades asociadas a unha localización singular na fachada atlántica europea.							+	+	●	+	+								
b. Contribuír á consolidación da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal e afianzar o protagonismo de Galicia na plataforma atlántica para crear un ámbito de centralidade e desenvolvemento no noroeste peninsular.							+	+	●	+	+							●	+
c. Establecer os ámbitos supramunicipais de planificación e programación de infraestruturas, equipamentos e servizos para optimizar a súa oferta e racionalizar os procesos de desenvolvemento urbano e económico destes espazos.							+	+	+	+	+							+	+
d. Potenciar as principais rexións urbanas e áreas urbanas de Galicia, reforzando os seus diferentes perfís e artellar un sistema policéntrico de cidades coa fortaleza necesaria para liderar os procesos de desenvolvemento e innovación.							+	+	+	+	+							●	●
e. Consolidar unha rede de vilas e de pequenas cidades capaces de dotar dunha adecuada base urbana e de servizos ao conxunto do territorio.							+	+	+	+	+							+	+
f. Impulsar procesos socioeconómicos que dinamicen as áreas con menor peso demográfico.							●	+	●	+	+							●	●
g. Achegar referencias para o desenvolvemento de infraestruturas e equipamentos con criterios supramunicipais orientadas a apoiar a configuración do modelo territorial proposto mediante unha rede xerarquizada que vertebre e articule a totalidade do territorio.							+	+	+	+	+							+	+
h. Establecer criterios para a consideración dos condicionantes ambientais, sociais e económicos nas iniciativas urbanísticas e sectoriais.	+	+	+	●	+	●	+	+	+	+	●	+	+	+	+	●	+	+	●
i. Proporcionar criterios territoriais e ambientais para a elaboración de Plans e Proxectos sectoriais e configurar as características dos Plans territoriais integrados.	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+

\*Véxase a listaxe de abreviaturas na lapela.

VARIABLES E ASPECTOS CLAVE COS QUE SE ANALIZARÁN AS MEDIDAS DAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO	OT			PPNC			SE				A	CH	En	Re	CC	M			
	Cal. S.	Voc. A.	Ris. N. T.	Integ. P.	Consv.	Frag. T.	Comp. E.	Eq. D. E.	Coh. S.	Cal. V. P.	Gob.	Cal. Ai.	Cal. Au.	Cons. R. H.	Cons. En.	Xer. Re.	Em. GEI	Nec. M.	Eq. Rp. Mo.
<b>DETERMINACIÓNS DAS DOT</b> (Determinacións excluíntes en negro e determinacións orientativas en gris)																			
l. Consolidar a identidade e a singularidade das cidades e pobos de Galicia, apoiando os seus compoñentes de excelencia e impulsando proxectos que melloren a súa calidade urbana e a súa capacidade competitiva.		+		+	+		+	+	●	+									
m. Establecer mecanismos de cooperación e colaboración urbano-rural sobre a base dun maior equilibrio entre o desenvolvemento urbano e a protección de espazos abertos.			+	+	+		+	+	+	+									
n. Aplicar o concepto e metodoloxías de “desenvolvemento rural con enfoque territorial” nas actuacións que se desenvolvan nos espazos rurais por parte dos distintos axentes sociais e económicos.	+	+	+	+	+				+	+									
ñ. Contribuír a un modelo territorial que considere a vocacionalidade ou potencialidade do territorio na ordenación do medio físico soporte do modelo, analizando a súa capacidade de acollida para os distintos usos.	+	+	●	+	+														
o. Configurar un instrumento básico da estratexia para a consecución dun desenvolvemento sostible e promover a conservación do patrimonio natural, recoñecéndoo como activo para o desenvolvemento de Galicia.	+	+	+	+	+	+				+		+	+	+	+	+	+		
p. Valorizar a calidade da paisaxe galega, o patrimonio cultural e o sistema rural como factores de atracción global do territorio e activos básicos da calidade de vida, e do propio potencial de desenvolvemento, especialmente nas áreas de menor dinamismo do país.		+		+	+	+				+									
q. Desenvolver estratexias de xestión creativa das paisaxes culturais galegas como factores de competitividade territorial cunha especial referencia, a valorización do patrimonio rural vinculado o sistema de asentamentos rurais, nomeadamente no seu inventario, caracterización e valoración e na difusión de esta información para a súa toma en consideración polos diferentes axentes económicos e institucións.		+		+	+	+	+	+		+									
r. Combater o fenómeno do cambio climático, para o que se propón afondar no coñecemento das súas evidencias en Galicia e actuar decididamente nos principais sectores que contribúen ás emisións de gases de efecto invernadoiro, de acordo cos principios recollidos na Estratexia galega fronte ao cambio climático.														+			+		
s. Previr e minimizar os efectos derivados de riscos naturais e tecnolóxicos, incorporando a avaliación e xestión de riscos na formulación dos restantes instrumentos de ordenación do territorio e do urbanismo.			+								+								





VARIABLES E ASPECTOS CLAVE COS QUE SE ANALIZARÁN AS MEDIDAS DAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO	OT		PPNC			SE				A	CH	En	Re	CC	M				
	Cal. S.	Voc. A.	Ris. N. T.	Integ. P.	Consv.	Frag. T.	Comp. E.	Eq. D. E.	Coh. S.	Cal. V. P.	Gob.	Cal. Ai.	Cal. Au.	Cons. R. H.	Cons. En.	Xer. Re.	Em. GEI	Nec. M.	Eq. Rp. Mo.
	DETERMINACIÓNS DAS DOT (Determinacións excluíntes en negro e determinacións orientativas en gris)																		
<b>2. O SISTEMA DE ASENTAMENTOS</b>																			
<b>2.1 Determinacións para o sistema de cidades de Galicia</b>																			
2.1.1. Os espazos urbanos configurados ao redor das cidades de Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol conforman as dúas Rexións urbanas de Galicia. Serán ámbitos para a planificación territorial, de infraestruturas, equipamentos e de servizos aos cidadáns de carácter estruturante.																			
2.1.2. Os espazos urbanos configurados na contorna das cidades da Coruña, Vigo, Santiago, Pontevedra, Ferrol, Ourense e Lugo conformarán, mediante asociación voluntaria dos seus municipios, cadansúa Área urbana, o que configurará o sistema de grandes cidades de Galicia. Serán ámbitos para a realización, partindo de criterios de flexibilidade e voluntariedade, de políticas coordinadas de xestión pública dos servizos comunitarios de incidencia directa na calidade de vida dos cidadáns.																			
2.1.3. A Xunta de Galicia poderá formular un Plan territorial integrado (PTI) para cada unha das Rexións urbanas, así como para cada unha das dúas Áreas urbanas da Coruña, Vigo, e das áreas urbanas de Santiago de Compostela, Pontevedra, Ferrol, Lugo e Ourense, co obxectivo de ordenar os elementos e criterios de carácter supramunicipal.																			
2.1.4. O ámbito dos Plans territoriais integrados propostos para o sistema de cidades será o comprendido polos concellos que voluntariamente se adhiran a cada unha das diferentes Áreas urbanas, ou daquel que resulte do acordo mutuo que tomasen estes concellos. En calquera caso o Plan territorial integrado, concretará e delimitará o ámbito por acordo do Consello da Xunta de Galicia, e será conforme cos principios da escala, lexibilidade e coherencia territorial necesaria para acadar os obxectivos para os que se redacta.																			
2.1.5. Os criterios e liñas básicas para a formulación dos correspondentes PTI contéñense na Memoria destas Directrices de ordenación do territorio, e con carácter xeral, terán os seguintes obxectivos, sen prexuízo dos que en cada caso se concreten no momento de elaborar os propios plans:																			
a. Fortalecer as conexións por estrada e ferrocarril entre as dúas cidades centrais das Rexións urbanas e entre estas e as súas áreas de influencia.																			
b. Facilitar a mellora de sistemas de transporte colectivo de carácter supramunicipal, incluído, no seu caso, o transporte marítimo ou de ría.																			
c. Potenciar e fomentar mecanismos de especialización e complementariedade entre as cidades centrais.																			
d. Determinar a localización das áreas estratéxicas de solo para actividades empresariais e loxísticas e de subministración eléctrica.																			
e. Identificar as zonas de recualificación ao obxecto de reconducir as dinámicas de ocupación do solo incompatibles cos modelos de desarrollo sustentable.																			
f. Orientar a localización de novos equipamentos ou servizos de rango de conxunto de Rexión urbana en localizacións que ofrezan adecuadas condicións de accesibilidade dende as cidades centrais e dende as áreas de influencia supramunicipal.																			





VARIABLES E ASPECTOS CLAVE COS QUE SE ANALIZARÁN AS MEDIDAS DAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO	OT			PPNC			SE				A	CH	En	Re	CC	M			
	Cal. S.	Voc. A.	Ris. N. T.	Integ. P.	Consv.	Frag. T.	Comp. E.	Eq. D. E.	Coh. S.	Cal. V. P.	Gob.	Cal. Ai.	Cal. Au.	Cons. R. H.	Cons. En.	Xer. Re.	Em. GEI	Nec. M.	Eq. Rp. Mo.
<b>DETERMINACIÓNS DAS DOT</b> (Determinacións excluíntes en negro e determinacións orientativas en gris)																			
2.2. Determinacións para os nodos do sistema urbano intermedio																			
2.2.1. As vilas e pequenas cidades de Ribadeo, Viveiro, Carballo, Cee-Corcubión, Noia, Ribeira, Vilagarcía de Arousa, Tui, A Estrada, Lalín, Chantada, Monforte de Lemos, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Xinzo de Limia, Verín, As Pontes de García Rodríguez, Vilalba e Sarria, constitúen as cabeceiras do denominado sistema urbano intermedio e representan o seguinte nivel do sistema de asentamentos de Galicia.																			
2.2.2. Os plans, programas e actuacións en materia de infraestruturas, equipamentos, vivenda de protección oficial e creación de solo empresarial potenciarán o papel territorial destes nodos urbanos, promovendo iniciativas que prioricen o seu fortalecemento.	-						+	+	+										
2.2.3. O planeamento urbanístico destas vilas e pequenas cidades deberá potenciar as dinámicas urbanas proporcionando unha estrutura urbana sólida e prever unha reserva de solo axeitada para atender a demanda de servizos, actividades produtivas e equipamentos de carácter supramunicipal, que non poidan atopar acomodo nos niveis urbanos e rurais de menor rango, para o cal nestes núcleos as ratios de reservas dotacionais por habitante deberán ser incrementadas.	-	-					+	+	+										
2.2.4. Estas vilas e pequenas cidades estarán conectadas co Sistema de Cidades mediante vías de altas prestacións.	-	-		-				+		+					-		-	●	
2.2.5. As vilas de Burela, Foz, Muros, Porto do son, Boiro, Rianxo, Cambados, O Grove, A Guarda, Silleda, e A Rúa, constitúen as subcabeceiras do sistema urbano intermedio e son unha parte integrante deste nivel do sistema de asentamentos de Galicia.																			
2.2.6. As Administracións Públicas terán en conta na súa planificación que estas vilas subcabeceiras exercen funcións complementarias das súas respectivas cabeceiras, debido a que constitúen un subsistema urbano policéntrico.											+								
2.2.7. Os plans municipais, territoriais e sectoriais formularáanse tendo en conta as referencias territoriais para a articulación do sistema urbano intermedio contidas na Memoria das DOT. Concretamente, respecto aos instrumentos territoriais, poderán desenvolverse plans territoriais integrados para os ámbitos de influencia das cabeceiras do sistema urbano intermedio, no cal quedarán incluídas as subcabeceiras que correspondan no seu caso.																			
2.3. Determinacións para os nodos para o equilibrio do territorio																			
2.3.1. As vilas que as DOT propoñen como Nodos para o Equilibrio do Territorio son: Ortigueira, Mondoñedo, Meira, A Fonsagrada, Becerreá, Quiroga, A Pobra de Trives, Viana do Bolo, Castro Caldelas, Maceda, Allariz, Celanova, Bande, Ribadavia, A Cañiza, Caldas de Reis, Padrón, Negrreira, Vimianzo, Santa Comba, Ordes, Melide, Guitiriz, Curtis, Arzúa e Monterroso. Estas vilas, xunto coas subcabeceiras do sistema urbano intermedio, completan o terceiro nivel do sistema de asentamentos do modelo territorial.																			
2.3.2. Os plans e programas e actuacións con incidencia urbanística e territorial orientaranse cara aos seguintes obxectivos:																			
a. Mellora das infraestruturas de comunicación, aumentando a accesibilidade dos Nodos para o Equilibrio do Territorio, facilitando os desprazamentos entre eles e a súa conexión cos elementos superiores do sistema de asentamentos.	-	-		-			+	+	+	+					-		-	+	+









VARIABLES E ASPECTOS CLAVE COS QUE SE ANALIZARÁN AS MEDIDAS DAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO	OT			PPNC			SE				A	CH	En	Re	CC	M			
	Cal. S.	Voc. A.	Ris. N. T.	Integ. P.	Consv.	Frag. T.	Comp. E.	Eq. D. E.	Coh. S.	Cal. V. P.	Gob.	Cal. Ai.	Cal. Au.	Cons. R. H.	Cons. En.	Xer. Re.	Em. GEI	Nec. M.	Eq. Rp. Mo.
<b>DETERMINACIÓNS DAS DOT</b> (Determinacións excluíntes en negro e determinacións orientativas en gris)																			
d. No caso de que existan zonas con risco de asolagamento estableceranse as limitacións necesarias de usos, especialmente en zona de fluxo preferente, de cara a garantir a protección das canles, evitando e diminuíndo os danos ambientais e sobre bens e persoas, seguindo as prescricións establecidas na planificación hidrolóxica e nos plans de xestión de inundacións.			+										+						
e. Consideraranse preferentes as actuacións que se desenvolvan en continuidade cos tramados urbanos xa existentes, respectando en calquera caso as zonas ou espazos que deban preservarse do desenvolvemento urbanístico polos seus valores naturais ou polo seu necesario destino ás funcións ecolóxicas anteriormente enunciadas.		●		+	+	+													
f. Procurarase establecer modelos de ordenación urbana de densidade media que contribúan a acadar niveis de masa crítica suficientes para facilitar as relacións sociais e viabilizar a implantación de dotacións, servizos e actividades terciarias e de ocio, tanto públicas como privadas.									+	+									+
3.1.17. Nos ámbitos de interese do patrimonio cultural e nos núcleos vinculados ás áreas estratéxicas de conservación consideraranse prioritarias as estratexias de rehabilitación fronte ás operacións de novos crecementos.		●		+	+														
3.1.18. Nos Concellos Turísticos e nos Territorios de Preferente Actuación Turística fomentaranse a promoción e protección dos recursos turísticos e potenciaránse os servizos hoteleiros de calidade como alternativa preferible á segunda residencia.		-																	
<b>3.2. Determinacións para o desenvolvemento das áreas empresariais</b>																			
3.2.1. A planificación sectorial de áreas empresariais de Galicia estudarás as demandas de solo para usos industriais e terciarios, e establecerá as súas determinacións baixo criterios de sostibilidade e en congruencia co modelo territorial das DOT. A tal efecto establécense as seguintes orientacións sen menosprezo das consideracións máis específicas realizadas ao longo da Memoria:																			
a. Preveranse parques de carácter estratéxico nas Rexións urbanas de Vigo-Pontevedra e da Coruña-Ferrol, así como nas Áreas urbanas da Coruña, Vigo, Santiago de Compostela, Pontevedra, Ferrol, Lugo e Ourense. Para determinar a súa localización teranse en conta as posibilidades de conexión coa rede de estradas de altas prestacións, a rede ferroviaria e os servizos de transporte colectivo, tanto preexistentes como de nova implantación.	-	-		-	-	-	+					-	-	●		-	●	+	
b. Asociados ás vilas e pequenas cidades do sistema urbano intermedio preverase un nivel de parques empresariais de influencia supracomarcal, tendo en conta as posibilidades de conexión coa rede de estradas de altas prestacións e, de ser o caso, coa rede ferroviaria, debendo facer, en todo caso, as oportunas previsións de mobilidade sostible que garantan a accesibilidade con diferentes modos.	-	-		-	-		+	+				-	-	●		-	●	+	
c. Asociados aos Nodos para o Equilibrio do Territorio e as vilas subcabecerais do sistema urbano intermedio estudarase a implantación de parques empresariais de rango comarcal, orientados á localización preferente da industria local e á oferta de solo para novas iniciativas dinamizadoras.	-	-		-	-		+	+					-	●		-	●		
d. Contemplantase a implantación de parques tecnolóxicos orientados á innovación, desenvolvemento e investigación, vinculados aos campus universitarios.	-	-					+						-	-					









VARIABLES E ASPECTOS CLAVE COS QUE SE ANALIZARÁN AS MEDIDAS DAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO	OT			PPNC			SE					A	CH	En	Re	CC	M		
	Cal. S.	Voc. A.	Ris. N. T.	Integ. P.	Consv.	Frag. T.	Comp. E.	Eq. D. E.	Coh. S.	Cal. V. P.	Gob.	Cal. Ai.	Cal. Au.	Cons. R. H.	Cons. En.	Xer. Re.	Em. GEI	Nec. M.	Eq. Rp. Mo.
<b>DETERMINACIÓNS DAS DOT</b> (Determinacións excluíntes en negro e determinacións orientativas en gris)																			
3.3.14. Defínese o solo rústico como aqueles terreos que atendendo aos seus elementos singulares de carácter produtivo agrogandeiro-forestal, ecolóxico, paisaxístico, ou como consecuencia de necesidade de previr riscos, preservar o dominio público ou manter espazos abertos, terán como destino preferente os usos que lle son propios, e así, quedar á marxe do proceso urbanizador, podéndose incorporar a xestión urbanística do solo preservando os seus valores e manténdoo libre da edificación.	+	+	+	+	+	+							+						
3.3.15. O planeamento municipal definirá as diferentes tipoloxías de solo rústico dentro do seu termo, atendendo aos criterios establecidos na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural e modificacións posteriores e considerando, entre outras, as delimitacións e determinacións que acheguen as administracións sectoriais con competencia nos usos inherentes á natureza deste solo rústico, establecéndose un réxime de uso no que se salvagarde a funcionalidade de cada unha das clasificacións, e o seu uso sostible.	+	+	+	+	+	+							+						
<b>Minería</b>																			
3.3.16. A Xunta de Galicia formulará un Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia cos criterios sinalados na Lei 3/2008 do 23 de maio de Ordenación da Minería de Galicia.																			
3.3.17. O desenvolvemento de actividades extractivas evitará as acumulacións de materiais en pendentes, barrancos ou leitos que supoñan un obstáculo para o libre discorrer das augas e impliquen riscos de arrastres de materiais ou sustancias contaminantes, ou alteración grave das propiedades fisicoquímicas da auga.			+										+						
3.3.18. A planificación da extracción de áridos, ademais de identificar as zonas nas que se poida realizar actividades relacionadas coa extracción, deberá sinalar aquelas en que poida cumprir unha función ecolóxica e ter en conta os recursos procedentes da reutilización de residuos da construción ou do propio sector mineiro, acometendo investigacións aplicadas á utilización ou aproveitamento dos materiais de residuo, sendo necesario que as novas autorizacións vaian acompañadas dun programa de recuperación ambiental e paisaxística.	-			-	-														
3.3.19. Acometeránse accións de restauración ambiental e paisaxística nas zonas mineiras abandonadas.																			
<b>Pesca e agricultura</b>																			
3.3.20. Os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico, na formulación das súas propostas de ordenación, terán presente o valor do litoral e das augas interiores como soporte da pesca, o marisqueo e a acuicultura.		+																	
3.3.21. A Xunta de Galicia elaborará o Plan específico para a ordenación da acuicultura en terra. Este plan establecerá as previsións e posibles localizacións de plantas de acuicultura a partir da capacidade de acollida do territorio, é dicir, localizacións que cumpran os requisitos de sostibilidade respectando as limitacións derivadas doutras funcións produtivas e turísticas, e da protección dos valores ecolóxicos, paisaxísticos, e do patrimonio cultural.	-			-			+	+					-	-					







VARIABLES E ASPECTOS CLAVE COS QUE SE ANALIZARÁN AS MEDIDAS DAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO	OT			PPNC			SE				A	CH	En	Re	CC	M			
	Cal. S.	Voc. A.	Ris. N. T.	Integ. P.	Consv.	Frag. T.	Comp. E.	Eq. D. E.	Coh. S.	Cal. V. P.	Gob.	Cal. Ai.	Cal. Au.	Cons. R. H.	Cons. En.	Xer. Re.	Em. GEI	Nec. M.	Eq. Rp. Mo.
<b>DETERMINACIÓNS DAS DOT</b> (Determinacións excluíntes en negro e determinacións orientativas en gris)																			
4.4.8. A consolidación das liñas de transporte de viaxeiros por vía marítima existentes e a aparición doutras novas nas rías galegas debe articularse axeitadamente con servizos coordinados de transporte baseados noutros modos (tamén colectivos), nos portos, que reforzan o seu papel de nodos intermodais.																			+
4.4.9. A Administración Autonómica promoverá a coordinación e paulatina integración funcional dos portos situados nas Rexións urbanas de Vigo-Pontevedra e da Coruña-Ferrol e os da Ría de Arousa co obxectivo de favorecer as posibilidades conxuntas de crecemento.							+				+								
<b>4.5. Determinacións relativas ás infraestruturas de telecomunicacións</b>																			
4.5.1. As actuacións en materia de infraestruturas de telecomunicacións orientaranse a aumentar as interconexións das redes de fibra óptica e dos sistemas de transmisión de datos de alta capacidade entre Galicia, e o resto de España e Portugal.							+			+									+
4.5.2. Completaranse as infraestruturas de telecomunicacións para facilitar o acceso a todo tipo de servizos telemáticos (banda ancha ou telefonía) a todos os núcleos do sistema de asentamentos proposto nas DOT en condicións de axeitada calidade.							+	+		+									+
4.5.3. En todo novo desenvolvemento urbanístico preveranse condutos ou galerías subterráneas que faciliten a implantación posterior de redes de telecomunicacións.														+					
4.5.4. As Administracións propiciarán prestación de servizos administrativos, educativos, sanitarios, sociais, culturais ou de emerxencias por vía telemática.										+	+								+
4.5.5. A implantación ou renovación de infraestruturas de telecomunicación realizarase buscando a redución ou eliminación do seu impacto sobre os elementos de interese paisaxístico, ambiental ou patrimonial. A tal efecto establécense os seguintes criterios:																			
a. Consideraranse localizacións preferentes en calquera clase de solo: as instalacións preexistentes de telecomunicación, as instalacións destinadas á publicidade, as construcións ou instalacións industriais ou comerciais e outras infraestruturas ou mobiliario urbano, sempre que sexa compatible.	●			●															
b. As súas dimensións e características serán as que, preservando a funcionalidade da instalación, produzan un menor impacto visual.				●															
c. Evitarase a implantación en lugares protexidos ben pola lexislación reguladora do Patrimonio Histórico ou pola de protección do medio.				+	+														
d. Os diferentes operadores deberán chegar a acordos sobre o uso compartido das instalacións de telecomunicación. En tal sentido, non se autorizarán novas instalacións que non cumpran con este requisito.				●															
<b>4.6. Determinacións relativas ás infraestruturas de xeración e abastecemento enerxético</b>																			
4.6.1. A Xunta de Galicia formulará un Plan sectorial de produción e distribución de enerxía en Galicia, coas seguintes finalidades:																			
a. Valorar o estado dos actuais centros de produción e redes de transporte e distribución, e diagnosticar as necesidades actuais e futuras.																			
b. Fixar as actuacións necesarias para a racionalización e mellora da rede existente valorando a posibilidade de establecer corredores eléctricos e gasodutos.				-										+					





VARIABLES E ASPECTOS CLAVE COS QUE SE ANALIZARÁN AS MEDIDAS DAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO	OT			PPNC			SE				A	CH	En	Re	CC	M			
	Cal. S.	Voc. A.	Ris. N. T.	Integ. P.	Consv.	Frag. T.	Comp. E.	Eq. D. E.	Coh. S.	Cal. V. P.	Gob.	Cal. Ai.	Cal. Au.	Cons. R. H.	Cons. En.	Xer. Re.	Em. GEI	Nec. M.	Eq. Rp. Mo.
<b>DETERMINACIÓNS DAS DOT</b> (Determinacións excluíntes en negro e determinacións orientativas en gris)																			
4.6.10. Establécense os seguintes criterios fundamentais para a ordenación dos tendidos eléctricos aéreos:																			
a. En xeral, o percorrido das instalacións seguirá as cotas topográficas do relevo e adaptaráse á xeomorfoloxía do terreo.				+															
b. Preferentemente estas instalacións seguirán un percorrido paralelo ás vías de comunicación existentes (estradas, ferrocarril), evitando abrir novos trazados no territorio, respectando sempre as distancias de seguridade.				+		+													
c. Sempre que existan outras liñas achegadas, priorizarase o desdoblamento das existentes antes da construción dunha liña nova. Cando isto non sexa posible por razóns técnicas, instálase a nova liña o máis cerca posible da xa existente, para aproveitar o mesmo corredor.	+			+		+													
d. No que respecta ás liñas eléctricas de alta tensión atenderase ás disposicións recollidas no <i>Real decreto 263/2008, de 22 de febreiro, polo que se establecen medidas de carácter técnico en liñas eléctricas de alta tensión, co obxectivo de protexer a avifauna</i> , nas zonas de protección definidas en Galicia seguindo as indicacións desa norma.				+	+	+													
4.6.11. Os instrumentos de planificación establecerán medidas, en coordinación coas empresas subministradoras, para a eliminación progresiva dos tendidos aéreos nas zonas de influencia das zonas de interese patrimonial natural e cultural.				+	+	+													
4.6.12. Os instrumentos de planeamento urbanístico contemplarán accións e determinacións que contribúan a executar os seguintes obxectivos do metabolismo urbano enerxético:																			
a. Integrar o concepto de eficiencia enerxética na organización das cidades, no deseño urbanístico, na edificación, nos sistemas de mobilidade e accesibilidade, e na xestión urbana, tanto en sectores residenciais de nova construción como en tecidos urbanos preexistentes.														+		+			
b. Establecer no planeamento urbanístico un nivel mínimo de enerxías renovables e un determinado grao de autosuficiencia enerxética que permita combinar a xeración local coas medidas de aforro e eficiencia.							+							+		+			
c. Adaptar a morfoloxía urbana, as tipoloxías e o deseño dos espazos exteriores ás condicións bioclimáticas.														+		+			
d. Diseñar, onde resulte posible e de interese, estruturas urbanas compatibles con sistemas centralizados de calefacción.														+		+			
<b>4.7. Determinacións relativas ao ciclo integral da auga</b>																			
4.7.1. A planificación que conteña os plans e programas sectoriais, os instrumentos de ordenación do territorio e o planeamento urbanístico deben ser acordes coa planificación hidrolóxica, considerando a auga como un sistema complexo que abrangue as augas continentais, tanto superficiais como subterráneas, as augas de transición e as costeiras, independentemente do seu tamaño e características, así como as augas moi modificadas ou augas artificiais.												+	+						
4.7.2. Esta planificación oriéntase polos seguintes principios xerais relacionados coa auga:																			
a. Protección e mellora do estado de todas as augas.												+	+						
b. Prevención da deterioración adicional, protección e mellora do estado dos ecosistemas acuáticos, dos ecosistemas terrestres e zonas húmidas que dependen destes.				+								+	+						









VARIABLES E ASPECTOS CLAVE COS QUE SE ANALIZARÁN AS MEDIDAS DAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO	OT			PPNC			SE				A	CH	En	Re	CC	M			
	Cal. S.	Voc. A.	Ris. N. T.	Integ. P.	Consv.	Frag. T.	Comp. E.	Eq. D. E.	Coh. S.	Cal. V. P.	Gob.	Cal. Ai.	Cal. Au.	Cons. R. H.	Cons. En.	Xer. Re.	Em. GEI	Nec. M.	Eq. Rp. Mo.
<b>DETERMINACIÓNS DAS DOT</b> (Determinacións excluíntes en negro e determinacións orientativas en gris)																			
<b>5. OS EQUIPAMENTOS SUPRAMUNICIPAIS</b>																			
5.1. Os equipamentos colectivos sanitarios, asistenciais, educativos, culturais, deportivos, administrativos e recreativos planifícanse de acordo co sistema xerarquizado de asentamentos que define o modelo territorial destas directrices, co fin de acadar un axeitado grao de cobertura para a poboación e a optimización de recursos, tendo en conta as diferentes esferas de influencia dos equipamentos segundo o tipo, a función e o destino concreto.									+	+	+				●			+	
5.2. Para a localización destes equipamentos considéranse tres niveis de influencia en función da súa entidade agás que debido ás peculiaridades do tipo de dotación ou do estado actual da súa oferta, a Administración competente xustifique a utilización doutros ámbitos territoriais de referencia:																			
a. Nivel de Influencia da comunidade autónoma, que se aplicará aos equipamentos que prestan servizo ao conxunto de Galicia, con localización preferente nas Rexións urbanas de Vigo-Pontevedra e da Coruña-Ferrol, nas Áreas urbanas da Coruña, Vigo, Santiago de Compostela, Pontevedra, Ferrol, Lugo e Ourense.																			
b. Nivel de influencia Intermedia ubícanse preferentemente nas vilas Cabeceira do sistema urbano intermedio e nas Áreas urbanas.																			
c. Nivel de influencia supralocal que deben localizarse nas Subcabeceiras do Sistema Urbano Intermedio e nos Nodos para o Equilibrio do Territorio.																			
5.3. Os equipamentos localízanse nas zonas de mellor accesibilidade para as persoas do seu ámbito de influencia, en lugares apropiados e congruentes co carácter do equipamento, facilitando o acceso peonil, nas proximidades de estacións ou apeadeiros de transporte colectivo, prevendo os aparcamentos suficientes, e contribuíndo á mellora e articulación dos espazos públicos. Priorízase asemade unha localización en ámbitos xa urbanizados ou en todo caso, evitando a afección a valores naturais e culturais.	-	●								+					+		+	+	
5.4. Para a ordenación dos equipamentos supramunicipais os correspondentes Plans e Programas sectoriais terán en conta os seguintes criterios, así como as restantes consideracións realizadas na Memoria destas Directrices:																			
a. Satisfacer as necesidades da poboación considerando a residente máis, no seu caso, a estacional ademais das súas singularidades en canto a súa estrutura de idades e principais actividades produtivas que poidan condicionar o deseño dos sistemas dotacionais.										+									
b. Ordenar os niveis superiores do sistema de equipamentos con criterios de singularidade na súa implantación, procurando a excelencia e a especialización urbana das cidades onde se localizan.										+									
c. Evitar a acumulación de equipamentos do mesmo tipo e nivel de influencia dentro do mesmo ámbito territorial.															+				
d. Procurar o establecemento de equipamentos que deban situarse en solo rústico mediante a reutilización de edificios, sempre que sexa posible.				+											+				





















# Medidas preventivas. Control do funcionamento da planificación en ferverenza

*Preséntanse as medidas establecidas en función dos efectos previsibles derivados da execución da alternativa seleccionada.*

## 8.1. PLANIFICACIÓN EN FERVENZA

Da confrontación dos aspectos clave coas determinacións incluídas nas DOT, ponse de manifesto que as propias directrices supoñen unha importante mellora respecto da situación actual, polo que se refire á diminución de gran parte dos riscos que presenta a ordenación do territorio e ao favorecemento no aproveitamento das oportunidades. Neste sentido queda patente que dispor dun modelo territorial é un primeiro paso fundamental para acadar un desenvolvemento sustentable.

Non obstante, como en calquera opción de planeamento territorial, pódense identificar unha serie de efectos que é previsible que se produzan no seu desenvolvemento. Tendo en conta o carácter estratéxico das directrices e na liña do explicado ao longo deste ISA, resulta pouco operativo o establecemento de medidas correctoras ou mitigadoras nesta etapa do planeamento territorial en ferverenza, que serían máis axeitadas en niveis de planificación de maior detalle. Neste momento o máis eficiente e importante é o establecemento de medidas preventivas que garantan a axeitada consideración dos efectos e o establecemento de medidas para cada escala de planificación así como para o correcto funcionamento da planificación territorial en ferverenza no seu conxunto.

En definitiva, as DOT desenvolven unha visión de carácter estratéxico coa que os instrumentos de incidencia territorial se integran nun mesmo marco

con obxectivos globais comúns. Como resultado da análise de alternativas, optouse pola definición dun modelo territorial de alto nivel estratéxico que irá gañando en concreción co posterior desenvolvemento de planificación en ferverenza.



Figura 7.1.1. Relacións en ferverenza da planificación



## 8.2. ANÁLISE DA COMPATIBILIDADE ESTRATÉXICA

Como forma de garantir a coherencia da planificación en ferverza e de evitar o risco da incorporación de actuacións con criterios alleos e inconsistentes coas DOT, realizarase para cada instrumento de planificación unha análise que permita avaliar o grao de compatibilidade entre estes instrumentos e as aliñacións ou concordancias estratéxicas, obxectivos e criterios das DOT.

Esta análise seguirá unha metodoloxía tipo cuestionario baixo o nome de Análise da compatibilidade estratéxica (ACE). Pretende ser unha ferramenta para o control da coherencia da planificación que se desenvolva en Galicia co diagnóstico e os obxectivos das DOT dividida en:

- a. Consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade, explicando como se consideran os efectos do plan sobre os aspectos clave detectados nas DOT.
- b. Proceso de decisión, analizando a bondade e calidade do proceso de decisión a través do que se deseña o planeamento.
- c. Relación cos elementos territoriais estratéxicos de Galicia, avaliando a relación dos plans cos elementos estratéxicos identificados na análise obxectiva do contorno realizada nas DOT.

A continuación expóñense as cuestións que hai que analizar en cada unha das áreas e unha explicación do sentido e contido de cada unha delas.




Figura 7.2.1. Análise da compatibilidade estratéxica

### 8.2.1 Consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade

Analizárase como se tiveron en conta os efectos do planeamento sobre os aspectos clave detectados polas DOT entendidos da seguinte maneira:

- *Calidade do solo.* A posible afección sobre a calidade do solo dende o punto de vista da súa ocupación e degradación.
  - *Vocacionalidade de ámbitos.* O modo en que a asignación de usos é coherente coa capacidade produtiva do solo.
  - *Exposición a riscos.* Grao de exposición a riscos, ben sexa resultado da ocupación de espazos que presenten riscos ou pola xestión de actividades que poidan influír en dita exposición.
  - *Integración paisaxística.* Atende ao modo en que se considera a paisaxe e a integración das actuacións con ela.
  - *Conservación do patrimonio natural e cultural.* Grao en que se pode afectar aos espazos de interese natural e cultural recoñecidos.
  - *Fragmentación do territorio.* Como se considera a conectividade ecolóxica e se minimiza a fragmentación do territorio e a formación de barreiras.
  - *Competitividade económica.* A idoneidade da elección e da localización dos usos produtivos en relación ao grao de competitividade económica.
  - *Equilibrio no desenvolvemento económico.* Como se atende ao feito da concentración do desenvolvemento económico nunhas áreas en detrimento doutras.
  - *Cohesión social.* Como se contribúe á promoción da igualdade de oportunidades e de acceso aos servizos públicos.
- *Calidade de vida.* Contribución á mellora da calidade de vida dos cidadáns a través do fomento de estilos de vida adaptados ao contorno.
  - *Gobernanza.* A eficacia, calidade e boa orientación na coordinación coas distintas administracións.
  - *Calidade do aire.* En que medida se favorece a consecución dunhas condicións de calidade do aire que permitan un contorno saudable.
  - *Calidade da auga.* Reflicte como se considera a calidade dos recursos hídricos, tanto no mantemento da calidade como na recuperación das masas degradadas.
  - *Consumo de recursos hídricos.* Refírese á forma en que se consideran as necesidades de recursos hídricos, o esforzo na redución do consumo e a adaptación do planeamento á dispoñibilidade real de recursos hídricos.
  - *Consumo enerxético.* Refírese á forma en que se consideran as necesidades enerxéticas, os esforzos na redución do consumo enerxético e potenciación de enerxías renovables.
  - *Xeración de residuos.* O modo en que se afronta a xestión de residuos, en especial a redución na xeración.
  - *Emisión de Gases Efecto Invernadoiro.* O modo en que se xestionan as emisións de gases efecto invernadoiro, os esforzos de cara á súa redución.
  - *Necesidades de mobilidade.* Como se inflúe nas necesidades de transporte tanto de persoas como de mercadorías.
  - *Equilibrio no reparto modal.* En relación aos esforzos que se fan para a diminución da dependencia do vehículo privado a través da potenciación doutros modos.

### 8.2.2 Proceso de decisión

- *Coherencia en fervenza: relación cos obxectivos das DOT.* Avaliar a relación dos obxectivos estratéxicos que motivan o planeamento cos obxectivos das directrices e, no seu caso, obxectivos da planificación intermedia.
- *Coherencia transversal: relación cos obxectivos da planificación sectorial.* Avaliar a relación dos obxectivos estratéxicos do planeamento cos obxectivos da planificación sectorial existente.
- *Demanda social.* Avaliar a metodoloxía utilizada para a estimación da demanda que motiva as actuacións do planeamento.
- *Consideración de alternativas. Xustificación da elección.* Avaliar se o planeamento é resultado da selección entre varias alternativas e a xustificación da alternativa seleccionada.
- *Consultas e coordinación.* Avaliar o grao de consenso buscado durante o proceso de planificación, dende a perspectiva de:
  - Participación cidadá. Métodos.
  - Consultas a outras administracións públicas. Métodos.
  - Coordinación con políticas, plans e normas.

### 8.2.3 Relación cos elementos territoriais estratéxicos de Galicia

Nesta área trátase de avaliar a relación do planeamento cos elementos territoriais estratéxicos identificados na análise obxectiva do contorno das directrices. Estes son:

- *Paisaxe, patrimonio natural e cultural.* O patrimonio natural e cultural ten unha gran responsabilidade na configuración da paisaxe constituíndolos dos principais activos para o desenvolvemento futuro de Galicia.

Existen paisaxes naturais de enorme atractivo, pero tamén se atopan paisaxes urbanas, núcleos rurais e paisaxes ligadas a actividades agrarias de enorme valor.

- *Producción de alimentos.* A produción de alimentos de calidade é un dos principais activos da economía galega. Para aproveitálos é preciso favorecer os procesos de transformación e de comercialización de produtos do agro e do mar e, en particular, aqueles que garanten un beneficio directo aos produtores de base galega.
- *Solo empresarial.* É preciso conxugar eficacia e eficiencia na procura da maior rendibilidade dos investimentos en parques empresariais que favorezan a súa función vertebradora da política territorial, ao seren deseñados en relación coas súas características funcionais e de localización.
- *Turismo.* É preciso delimitar a especialidade e a eficiencia na creación de ofertas nos destinos turísticos e que xeren combinación de produtos axeitados para cada espazo, singularidades locais, actitudes da poboación, e que ao mesmo tempo, permitan unha certa flexibilidade na ordenación en función dos movementos e motivacións da demanda.
- *Equipamentos e servizos básicos.* Os equipamentos e servizos básicos determinan, en gran medida o benestar e a cohesión social. A accesibilidade da cidadanía a eles supón un factor de competitividade territorial que os converte en elementos de dinamización da actividade socioeconómica.



# Seguimento

*Os indicadores e métodos para o seguimento que se presentan permiten coñecer a evolución das variables de sustentabilidade para, por unha parte, controlar os efectos producidos sobre ditas variables e, por outra, comprobar o cumprimento dos obxectivos xerais e específicos propostos para cada variable.*

Nin os comentarios nin os indicadores que se presentan a continuación de cara ao seguimento dos efectos e da evolución do desenvolvemento das Directrices de ordenación do territorio, constitúen formalmente un plan de seguimento, xa que deben ser entendidos como recomendacións para que o Consello da Xunta de Galicia considere na posterior elaboración do decreto que determine o procedemento que regule o seguimento e a posta ao día dos obxectivos e determinacións das DOT, tal e como se establece no artigo 10.10 da *Lei 10/1995 de ordenación do territorio de Galicia*.

Os indicadores teñen a intención de atender dúas necesidades obxectivas fundamentais: por un lado valorar os efectos das determinacións das DOT na ordenación territorial de rango inferior, e por outra parte, quizais máis importante da valoración da eficacia para encamiñar Galicia cara á sociedade da sustentabilidade.

## 9.1. INDICADORES DE DESENVOLVEMENTO E IMPLANTACIÓN

- Número de Plans territoriais integrados en elaboración e aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT.
- Porcentaxe de superficie ordenada segundo un Plan territorial integrado.
- Número de Programas coordinados de actuación desenvolvidos.
- Número de Plans sectoriais en elaboración e aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT.
- Número de Plans xerais de ordenación municipal en elaboración e aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT.
- Porcentaxe de Plans xerais de ordenación municipal en coherencia coas determinacións das DOT.
- Porcentaxe de superficie con PXOM adaptado ás DOT.

## 9.2. INDICADORES DE SUSTENTABILIDADE TERRITORIAL

Os indicadores propostos tratan de representar unha realidade en termos de evolución dos elementos estratéxicos e as variables de sustentabilidade. O seguimento da sustentabilidade territorial precisa de ir máis aló dunha simple compilación de datos e cálculos, xa que afrontar a valoración das tendencias de sustentabilidade require dun importante esforzo por considerar as profundas interrelacións entre as variables que se dan no territorio.

### 9.2.1 Ocupación do territorio

- Superficie total.
  - Porcentaxe de superficie construída.
  - Porcentaxe de superficie de infraestruturas.
  - km de estradas.
  - km de vías de ferrocarril.
  - km específicos para mobilidade alternativa.
  - Porcentaxe de superficie natural.
  - Porcentaxe de superficie protexida.
  - Superficie en desuso/abandonada.
- Mapa de asentamentos en relación a superficies de nova construción.
- Mapa de asentamentos en relación a superficies de novas infraestruturas.

### 9.2.2 Paisaxe

- Evolución dos principais usos do solo.
- Porcentaxe de transformación da paisaxe.
- Diversidade de paisaxes.
- Análise da fragmentación e a conectividade.
- Actuacións públicas e privadas na conservación, xestión e ordenación da paisaxe.

### 9.2.3 Patrimonio natural

- Superficie dos espazos naturais protexidos de Galicia.
- Plans de ordenación e de xestión aprobados e en elaboración.
- Porcentaxe superficie natural protexida que conta cun plan de ordenación e xestión aprobado.
- Actuacións públicas e privadas na conservación, xestión e ordenación de recursos naturais.

### 9.2.4 Patrimonio cultural

- Espazos de interese histórico-cultural declarados, recuperados ou rehabilitados.
- Actuacións públicas e privadas na conservación, xestión e ordenación de patrimonio cultural.

### 9.2.5 Socioeconomía

#### A. Poboación

- Poboación total e taxa de crecemento.
  - Porcentaxe de habitantes no medio urbano.
  - Porcentaxe de habitantes no medio rural.
  - Porcentaxe de habitantes no litoral.
  - Porcentaxe de habitantes no interior.
- Densidade de poboación (hab./km<sup>2</sup>).

#### B. Socioeconomía

- PIB por habitante.
  - Taxa e limiar de risco de pobreza.
  - Índice de Gini da distribución da renda.
- Taxas de actividade e de desemprego.
  - Estrutura da poboación activa asalariada por industria e sector.
- Nivel de estudos da poboación.
- Profesionais sanitarios colexiados.
- Defuncións por suicidio.
- Porcentaxe de fogares unipersoais.
- Porcentaxe de poboación de 65 ou máis anos.
- Accesibilidade a equipamentos e servizos básicos (sanidade, educación, zonas verdes, espazos públicos, comercio de proximidade...).



- Porcentaxe de participación nas eleccións locais.
- Porcentaxe de persoas que utilizaron novas tecnoloxías.
- Porcentaxe do gasto do PIB en I+D.

### C. Producción de alimentos

#### 1. Agricultura e gandaría

- Número, superficie total e superficie agrícola utilizada (SAU) das explotacións.
- Efectivos e explotacións de gando.
- Maquinaria agrícola.

#### 2. Pesca e acuicultura

- Pesca desembarcada en Galicia: toneladas e valor da produción.
- Produción de acuicultura mariña.

### D. Aproveitamento forestal

- Superficie total forestal.
- Porcentaxe de superficie forestal ordenada respecto ao total.
- Porcentaxe de superficie arborizada con especies autóctonas.

### E. Solo empresarial

- Persoas ocupadas e importe neto da cifra de negocios por agrupacións de actividade.
- Número de empresas por sede social.
- Demografía empresarial.
- Porcentaxe de empresas que dispoñen de determinados equipamentos e servizos TIC.

### F. Turismo

- Establecementos hoteleiros e de turismo rural abertos por categoría.
- Prazas estimadas dos establecementos hoteleiros e de turismo rural por categoría.
- Grao de ocupación por prazas en establecementos hoteleiros e de turismo rural por categoría.

### G. Equipamentos e servizos básicos

- Porcentaxe de poboación conectada a unha rede de abastecemento de auga.
- Porcentaxe de poboación conectada a algún sistema de saneamento.



8.2.1. Santo André de Teixido

- Rangos de accesibilidade e cobertura de atención sanitaria.
- Rangos de accesibilidade e cobertura de instalacións educativas.
- Rangos de accesibilidade e cobertura de instalacións deportivas.
- Superficie de zonas verdes, servizos básicos e equipamentos en relación á poboación.
- Porcentaxe de zonas verdes con superficies autóctonas.
- Accesibilidade media ás administracións.

#### H. Vivenda

- Construción de vivendas libres e protexidas.
- Prezo da vivenda libre e protexida.
- Relación entre o prezo da vivenda e os ingresos familiares.
- Vivendas baleiras e desocupadas.

#### 9.2.6 Atmosfera

- Calidade do aire para a protección da vexetación na estación de fondo.
- Índice de calidade do aire rural.
- Índice de calidade do aire urbano.
- Emisión de gases precursores do ozono troposférico.
- Porcentaxe de poboación con exposición a ruído superior a 65 dB.

#### 9.2.7 Ciclo hídrico

- Disponibilidade da auga.
- Distribución da auga por grandes grupos de usuarios.
- Recollida e tratamento das augas residuais.
- Consumo de auga por sectores (servizos, industrial, agrícola e urbano).
- Volume de auga reutilizada.
- Volume de augas residuais tratadas.
- Porcentaxe de perdas nas redes de abastecemento e saneamento.
- Calidade dos vertidos procedentes de augas residuais.
- Calidade das augas, estado químico e estado ecolóxico.

#### 9.2.8 Enerxía

- Produción de enerxía eléctrica.
  - Número de instalacións de enerxías renovables.
  - Potencia eléctrica instalada de enerxías renovables.
- Distribución de enerxía eléctrica por sectores de uso.
- Consumo de enerxía/PIB sectorizado.
  - Consumo de enerxía eléctrica en fogares e sectores de actividade.
  - Consumo de gasolinas, gasóleos e fuelóleos.
- Intensidade de emisións de CO<sub>2</sub> de orixe enerxética.



8.2.2. Torre do Castro. Sandiás. A Limia

### 9.2.9 Xestión de residuos

- Residuos xerados polo sector industrial.
  - Produción declarada de residuos perigosos por tipo e grupo de actividade.
- Xeración de RU por habitante e composición.
  - RU recollidos.
  - Recollida selectiva de papel.
  - Recollida selectiva de envases.
  - Recollida selectiva de vidro.
  - Recollida selectiva de residuos eléctricos e electrónicos.
  - Porcentaxe de RU reciclados-recuperados.
  - Porcentaxe de RU rexeitados.
- Xeración de residuos polo sector sanitario.
  - Produción declarada de residuos por clase e centro sanitario.

- Porcentaxe de solos contaminados.
- Porcentaxe de solos contaminados recuperados.
- Volume de residuos incinerados.
- Volume de residuos a vertedoiros.

### 9.2.10 Cambio climático

- Emisións de Gases de Efecto Invernadoiro.

### 9.2.11 Mobilidade

- Distribución modal do transporte.
  - Infraestruturas intermodais.
  - N.º de prazas de aparcadoiro público por habitante e km<sup>2</sup>.
  - N.º de prazas de aparcadoiro en aparcadoiros disuasorios.



- Densidade da rede de estradas.
  - Distribución modal do espazo público.
  - km de itinerarios peonís preferentes.
  - km de itinerarios ciclistas.
  - km de vías de coexistencia.
  - km de itinerarios reservados ao transporte público.
- Parque de vehículos.
  - N.º de vehículos por habitante e km<sup>2</sup>.
  - Vehículos matriculados anualmente.
- Persoas que viaxaron no transporte urbano regular xeral.
- Intensidade de vehículos nas estradas: N.º vehículos/día.
- Intensidade de vehículos nos núcleos urbanos: N.º vehículos/día.
- Emisións de CO<sub>2</sub> do sector transporte.
- Accidentes con vítimas, e vítimas de accidentes de tráfico.

### 9.3. ENQUISA DE PERCEPCIÓN TERRITORIAL E URBANÍSTICA

Igual de importante que os indicadores cuantitativos é a percepción da cidadanía e da veciñanza acerca da situación da calidade da vida nas cidades e no rural así como a valoración acerca das melloras levadas a cabo ou pretendidas.

Neste senso o seguimento da sustentabilidade territorial das DOT incorporará a realización dunha enquisa que será elaborada nos termos axeitados e determinados polos correspondentes equipos demoscópicos para valorar entre outras cuestións territoriais e urbanísticas de conxuntura:

- A satisfacción xeral da cidadanía e a veciñanza cos niveis de calidade de vida acadados en relación á ordenación territorial.
- As posibilidades de mellora estrutural e puntual.
- As melloras efectivamente percibidas da acción das distintas administracións sobre o territorio en desenvolvemento das determinacións destas DOT.

- A calidade dos espazos públicos, dos servizos e a idoneidade do seu dimensionamento.
- A satisfacción coa paisaxe urbana, rural ou global.

### 9.4. ÓRGANOS PARA O SEGUIMENTO

A estes efectos específicos do seguimento das condicións ambientais establecidas, recoméndase a constitución dunha Comisión de Seguimento da que formen parte o órgano promotor e o órgano ambiental, e que será responsable de desenvolver e adaptar o sistema de indicadores aplicándoo proporcionalmente ao grao de desenvolvemento das DOT.

De cara á información puntual e periódica ao público xeral, e para a elaboración da memoria anual que a Xunta de Galicia debe presentar ao Parlamento de Galicia, recoméndase o desenvolvemento das seguintes accións:

- Manter unha liña aberta de comunicación coas administracións afectadas e público interesado.
- Desenvolver e adaptar o sistema de indicadores.
- Identificar a contribución das propostas e plans estratéxicos de Galicia cara á sustentabilidade territorial.
- Propoñer medidas para corrixir as posibles desviacións sobre o previsto, así como posibles efectos non contemplados inicialmente.
- Facer valoracións globais e particularizadas a través de informes da integración efectivamente conseguida.

# Viabilidade económica

*Valoración da viabilidade económica da alternativa seleccionada e as medidas deseñadas en función dos efectos previsibles sobre o medio.*

## 10.1. XUSTIFICACIÓN DA VIABILIDADE ECONÓMICA

O artigo 8 da *Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio*, en combinación co Anexo I, establece que o informe de sustentabilidade ambiental (ISA) conteña un informe sobre a viabilidade económica das alternativas e das medidas dirixidas a previr, reducir ou paliar os efectos negativos do plan ou programa.

En tal sentido cabe dicir que, polas especiais características do plan en avaliación, o seu marcado carácter estratéxico e a vinculación das súas determinacións máis concretas co establecido nos diferentes plans e programas concorrentes, non se pode inferir un custo concreto derivado das Directrices de ordenación do territorio de Galicia.

Igualmente, na liña do exposto anteriormente neste Informe de sustentabilidade ambiental, resultaría pouco operativo o establecemento de medidas correctoras ou mitigadoras nesta etapa do planeamento territorial en fervenza, que serían máis axeitadas en niveis de planificación de maior detalle, dado o carácter proactivo de gran número de determinacións.

O carácter fundamentalmente orientativo das determinacións establecidas nas DOT, fai que o planeamento non incorpore custos propios. As máis das

determinacións das DOT van ser executadas sobre o territorio a través de distintas figuras de planeamento de rango inferior. A aplicación dos criterios de eficiencia e prevención considerados permitirá que as determinacións previstas nestas DOT sexan incorporadas a esta fervenza de planeamento nos primeiros momentos da toma de decisións, cando todas as opcións están aínda por ser definidas, co cal se poderá optar por aquelas cunha menor ratio custo-eficiencia, tanto dende a perspectiva do territorio como dende a perspectiva das variables da sustentabilidade. En calquera caso, ante previsibles medidas preventivas, mitigadoras ou correctoras dos propios procesos de avaliación ambiental estratéxica dos plans que desenvolvan estas DOT, a súa valoración corresponderá a cada escala de planeamento e ao órgano promotor correspondente.

Ademais, a *Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia*, reguladora das Directrices de ordenación do territorio de Galicia, no seu artigo 10, parágrafo 5, que regula o procedemento de tramitación das mencionadas directrices, determina que a aprobación inicial efectuarase previo informe da Consellería de Economía e Facenda.

Consecuentemente, a viabilidade económica das Directrices de ordenación do territorio de Galicia virá fixada polo preceptivo informe favorable dos órganos administrativos responsables na materia.

# Análise da coherencia

*Análizase a continuación a coherencia e relación entre todos e cada un dos pasos decisivos deste proceso de planificación estratéxica.*

A figura 10.1. Análise da coherencia [ámbito – análise – obxectivos – alternativas] presenta as relacións das primeiras etapas, dende a determinación do ámbito de influencia até a formulación de distintas alternativas, pasando pola análise obxectiva e a definición de obxectivos xerais para o planeamento, e específicos sobre as variables de sustentabilidade ambiental.

En primeiro lugar determinouse o ámbito de influencia en base ás limitacións da capacidade normativa das DOT e estableceuse o ámbito territorial de estudo sobre o que realizar a análise obxectiva.

Como resultado desta análise identificáronse e caracterizáronse os elementos estratéxicos do territorio e realizouse unha diagnose da situación das variables relativas á sustentabilidade ambiental. Desta aproximación á situación de Galicia e de acordo ao ámbito de influencia das DOT, puideron ser definidos os obxectivos xenéricos e específicos.

Unha vez definidos os obxectivos e considerando tanto as limitacións e condicionantes como as potencialidades e capacidades estratéxicas do territorio que emanan da diagnose inicial, fórmulanse unha serie de propostas que constitúen as distintas alternativas.




Figura 10.1. Análise da coherencia [ámbito – análise – obxectivos – alternativas]



8.2.1. Río Ulla. Concello de Valga

A continuación, selecciónase a alternativa mellor valorada en termos de eficacia e eficiencia de cara á consecución dos obxectivos. Neste caso, a Alternativa 3, que propón unha ordenación dinámica do territorio.

Toda estratexia de ordenación leva consigo unha serie de efectos previsibles que se concretan no momento da execución sobre o territorio das actuacións derivadas dela. No caso das DOT, isto prodúcese co posterior desenvolvemento da planificación en ferverza.

Identificados estes efectos previsibles, é preciso o establecemento das oportunas medidas. Neste caso óptase polas medidas preventivas que garantan

a axeitada consideración dos efectos para o correcto funcionamento da planificación territorial en ferverza no seu conxunto, en función da escala de planificación coa que se estea a traballar.

A execución destes criterios garantirá que as actuacións territoriais, resultado do planeamento no ámbito destas DOT, teñan incorporada a sustentabilidade dende o seu inicio. Ademais, a través da Análise de Compatibilidade Estratéxica do planeamento en ferverza, pódese afirmar que as actuacións finais sobre o territorio que se leven a cabo en Galicia emanadas destas DOT, contarán coas suficientes garantías de sustentabilidade territorial.

	Nivel de detalle	Adaptabilidade		Coherencia transversal	Coherencia en ferverza
		Admon.	Territorial		
Alternativa 0	+	-	+	-	-
Alternativa 1	+	-	+/-	-	+
Alternativa 2	+/-	+	-	+/-	+/-
Alternativa 3	+/-	+	+	+	+

Integración dos criterios de sustentabilidade establecidos no documento de referencia	Occupación do Territorio	Paisaxe	Patrimonio Natural e Cultural	Sociedade Economía	Atmosfera	Ciclo Hídrico	Enerxía	Xestión De Residuos	Cambio Climático	Mobildade
	Alternativa 0	-	-	-	-/+	-	-	-	-	-
Alternativa 1	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+
Alternativa 2	+	-/+	-/+	-/+	-	-	-	-	-/+	+
Alternativa 3	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+

